PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introdución

Consideramos esta programación necesaria xa que axuda a deseñar e planificar a acción docente. Isto non significa que se trate dunha programación pechada ,senón que é considerada como una guía suxeita a modificacións en función do alumnado ao que vai dirixida.
O CPR San José é un centro situado no Concello de Pontevedra, no casco vello da cidade. A maior parte do seu alumnado presenta un nivel socio-económico e cultural medio. A súa realidade lingüística é maioritariamente castelán falante. O centro conta cunha liña concertada de educación primaria e outra liña de educación infantil. Para potenciar a conciliación familiar e laboral das familias ofrece servizo de comedor, plan madruga e permanece aberto polas tardes de luns a xoves, en horario de 16:00 a 18:00.
O primeiro curso de educación primaria ao que vai dirixida esta programación está composto por 18 alumnos e alumnas.
Este curso é esencial para desenvolver as habilidades de aprendizaxe referentes a atención, memoria, razoamento e a contribuír a adquisición das competencias clave.
A nivel cognitivo encóntranse no estadio das operacións concretas, o que quere dicir que deben manipular para acadar os conceptos que lle proporcionamos. Evolucionan na función de representación, chegando a concepción de espazo e tempo. Un elemento esencial é o desenvolvemento da linguaxe que lles permitirá ir estruturando o pensamento.
A nivel físico-motor forman a súa propia imaxe corporal a través da interacción co seu entorno. Teñen un gran dominio da motricidade grosa, dos desprazamentos e da marcha, será neste ciclo no que desenvolvan os aspectos relacionados coa motricidade fina, o seu esquema corporal e a lateralidade.
A nivel socio afectivo consolidan a súa identidade, abandonan o egocentrismo propio da etapa anterior grazas a relación cos compañeiros/as. Desenvolven sentimentos de empatía, tolerancia e respecto, que lles permitirán dominar os hábitos sociais básicos e as normas de convivencia.
O obxectivo da área de Ciencia da Natureza é que nenos e as nenas cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven. Persoas que poidan construir un mundo xusto, solidario e sustentable. O eixe central da materia é comprender a ciencia como un proceso de investigación para tentar dar resposta aos principais problemas dunha sociedade globalizada. Deste xeito, o alumnado debe adquirir destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e organización dos seres vivos, a materia, as forzas e a enerxía, así como actitudes de respecto cara os seres vivos, o desenvolvemento sustentable, o coidado da saúde e o benestar emocional.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubro como somos.	Nesta unidade traballaremos as partes do corpo, os cinco sentidos e os músculos, ósos e articulacións. Identicaremos as emocións en nós mesmos e nas demais persoas.	17	19	X		
2	Sei coidar a miña saúde.	Nesta unidade traballaremos hábitos saudables relacionados co benestar social e emocional; boa alimentación, aseo persoal e coidado de dentes, tempo libre e de descanso. Coñecerán a necesidade de practicar exercicio e deporte.	17	18	X		
3	Coñezo a natureza.	Nesta unidade descubrirán o que podemos atopar na natureza e a diferenza entre seres vivos e inertes. Descubrirán como son as plantas, os seus coidados e características principais.	17	18		X	
4	Gústanme os animais.	Nesta unidade descubrirán como son os animais e as súas principais características: hábitat, alimantación e reprodución. Identificarán especies de animais en perigo	17	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Gústanme os animais.	e coñecerán como o coidado da natureza axuda a protexer os animais.	17	18		X	
5	Coidamos a natureza.	Esta unidade céntrase no coidado da natureza. Identificarán os animais domésticos e os beneficios que teñen para as persoas. Descubrirán que das plantas podemos obter diferentes alimentos e materiais.	16	16			X
6	As cousas que nos arrodean.	Nesta unidade descubirán de que están feitas as cousas, a procedencia dos materiais e para que serven as máquinas . Identificarán as partes dun ordenador e coñeceran os seus usos.	16	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Descubro como somos.	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	100
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas coa axuda dun guión.		
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Identificar a emocións propias e as dos demais.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Identificación e descrición das partes do corpo humano. - Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	Sei coidar a miña saúde.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas sobre textos e fenómenos próximos a través da observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de manera guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar o resultado das investigacións realizadas coa axuda dun guión.		
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Identificar as emocións propias e as dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	Coñezo a natureza.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas sobre textos e fenómenos próximos a través da observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar o resultado das investigacións realizadas coa axuda dun guión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	Gústanme os animais.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	100
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar o resultado das investigacións realizadas coa axuda dun guión.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos, do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	Coidamos a natureza.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de manera guiada, empregando instrumentos de forma segura.	TI	100
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar o resultado das investigacións realizadas ca axuda dun guión.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos, do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre elementos do medio natural por medio da observación.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional:

Contidos
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	As cousas que nos arrodean.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as propiedades e características dos materiais que forman os obxectos da vida cotiá.	TI	100
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar o uso das máquinas e aparellos na súa vida cotiá.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das suas accións sobre o medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Participar na resolución de problemas sinxelos de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tipos de materiais segundo a súa orixe. - Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá. - Cambios observables na materia a través da súa experimentación. - Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:

Contidos
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa¿). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como establece o currículo, partiremos dos centros de interese do alumnado para que poidan conectar a aprendizaxe en clase cos seus contextos cotiáns, é dicir, conseguir a transferencia das aprendizaxes. Desta maneira, cada alumno e alumna é protagonista da súa propia aprendizaxe.
Realizarase unha planificación baseada no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Cada alumno e alumna ten os seus intereses, as súas motivacións e as súas propias formas e ritmos de aprendizaxe. Non hai dous alumnos ou alumnas iguais, polo que ofreceremos recursos en formatos diversos, actividades con distintos niveis de profundización e exemplificaremos as explicacións con exemplos escritos, visuais, audiovisuais e cinestésicos. Non haberá unha única forma de facer as tarefas, de presentar os saberes nin de desenvolver as competencias. Cada un seguirá un mesmo camiño pero transitarao da forma máis adecuada para eles e a súa experiencia de aprendizaxe.

O enfoque metodolóxico que recolle a nosa proposta curricular organizarase en tres grandes bloques:

MODELOS METODOLÓXICOS
Refírense aos diferentes contextos de ensinanza e aprendizaxe que se poden dar na aula. Non son excluíntes entre si, pois nun mesmo escenario, pódense dar simultaneamente dous ou máis de eles, para complementar e enriquecer a experiencia educativa. Serán o seguintes:
- Modelo discursivo e/ou expositivo.
- Modelo experimental.
- Obradoiros.
- Aprendizaxe cooperativa.
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
Pódense definir como o conxunto de condicións que marcan a dirección que deben seguir as actividades para obter o maior rendemento posible en cada tarefa. Como no caso anterior, os elementos que forman parte deste bloque compleméntanse. Serán os seguintes:
- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Atención individualizada
- Atención á diversidade.
- Inclusión.
- Interacción.
- Aprendizaxe.
- Funcionalidade.
- Globalización.

- Avaliación formativa.
- Outros

AGRUPAMENTO
É un valor metodolóxico fundamental, que enriquece o desenvolvemento das tarefas. Permite que o alumnado aprenda a flexibilizar os seus procesos de traballo e a asumir as responsabilidades persoais e grupais, en función do tipo de tarefa, do grupo que a estea realizando e dos obxectivos que se persigan. Serán os seguintes:
- Tarefas individuais.
- Agrupamento flexible.
- Distribución por parellas.
- Pequeno grupo.
- Gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material impreso: fotocopias facilitadas polo profesor, diferentes libros e mapas.
-Material funxible: inclúe o material solicitado ao alumnado ao principio de curso e o proporcionado polo centro.
-Material visual: vídeos, proxeccións, trípticos, fotografias, encerado, carteis, folletos, etc.
-Material informático: ordenador, programas, internet, pizarra dixital e proxector.
-Material manipulativo: puzles, dominós, xogos didácticos, etc.

Procurarase o uso de grande variedade de materiais e recursos (impresos e manipulativos), considerando especialmente, na medida das posibilidades do centro, a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais. Igualmente procurarase o aproveitamento dos recursos propios da contorna . Empregaranse diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de aprendizaxe..

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso.
Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias da Natureza.
Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais.
A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**17**	**17**	**17**	**17**	**16**	**16**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.
No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media obtida entre as calificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, lapbooks, traballos en grupo, individuais ou realización de proxectos.

Os criterios para a área de Ciencias da Natureza son o seguintes:
- Análise das producións dos alumnos/as: 50%
- Intercambios orais cos alumnos/as: 20%
- Observación sistemática: 30%

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:
* 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está.
* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade.

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado.
A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.
Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Este modelo

permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).
Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido e a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias. Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.
As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado..
A continuación, recóllense as diferentes medidas e actuacións que se van levar a cabo.

A) Reforzo educativo nas áreas instrumentais.
Traballarase no primeiro trimestre a lectura (destreza lectora, comprensión, entoación,...) con todo o grupo, nos outros trimestres reforzarase aquel alumnado que presente un ritmo de aprendizaxe máis lento ou amosen algunhas dificultades na adquisición dos obxectivos propostos especialmente nas áreas de lingua e matemáticas.

B) Alumnado cun ritmo lento de aprendizaxe.
Tomaranse as seguintes medidas:
- Propor actividades variadas con distintos niveis de dificultade, estimulantes, motivadoras, integradas nas actividades que se realizan co resto do grupo.
- Reforzo educativo por parte da titora.
- Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar, contribuíndo a mellora da motivación do alumnado
- Adaptar as actividades ao seu nivel.
- Emprego de metodoloxías inclusivas e axuda entre o alumnado, mediante a titoría entre iguais (TEI).
- Intervención, se fose preciso, da mestra de A.L. e P.T.

C) Alumnado cun ritmo rápido de aprendizaxe.
- Planificar actividades de afondamento/ampliación, é dicir, cun nivel maior de complexidade con respecto ás dos seus compañeiros.
- Propor actividades nas que ampliamos o contido.
- Organizar algunha actividade onde este alumnado comparta os seus intereses ou a ampliación dalgún contido cos compañeiros e compañeiras.
- Darlle a oportunidade de ser alumnos titores de compañeiros máis lentos (titoría entre iguais).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X	X	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico.			X	X		X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X				
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflictos.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Consumo responsable .					X	
ET.10 - Desenvolvemento sustentable.			X	X	X	
ET.11 - Educación para a saúde, incluida a afectivo-sexual.	X	X				
ET.12 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. A área de Ciencias da Natureza será un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita, a educación para a paz e a educación emocional estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable ou a educación para a saúde serán abordados en Bloques concretos.

Evitarase na clase comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao mercado.	Aproveitaremos esta saída para falar da alimentación saudable.			
Saídas á contorna.	Coñeceremos os ecosistemas máis próximos e falaremos do coidado do planeta.			
Conmemoracións.	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Internacional da Muller, Día da Paz..			
Actividades deportivas.	Como parte do programa Xogade realizaranse diferentes actividades deportivas tipo iniciación ao balonmán, cross...			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Proxecto De Vida Activa e Saudable.	Forma parte do Proxecto Interdisciplinar de Centro no que se traballará durante todo o curso diferentes actividades entre as que podemos destacar a semana da froita,			

Observacións:

As actividades extraescolares e complementarias terán en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.
Ao tempo fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.
O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.
Ademais das conmemoracións habituais, sinaladas no calendario escolar, realizaranse as actividades que os equipos docentes deseñen no momento oportuno e que servirán para o desenvolvemento das competencias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.
Metodoloxía empregada
Conseguiuse a participación activa do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Os recursos foron diversos, variados, e adaptados ás características do alumnado.
Utilizouse de forma eficaz as TIC nos procesos de ensino- aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos, agrupamentos (traballo cooperativo, en grupo, parellas).
Clima de traballo na aula
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula.
Mantívose un clima na aula no que os alumnos se sintan seguros, con confianza e motivados.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.
Outros
A secuenciación dos estándares favoreceu a súa correcta adquisición.

Descrición:

Avaliar a nosa práctica docente tanto a nivel individual como de forma grupal, a través de reunións e postas en común é unha posibilidade de mellora das nosas función como mestres/as.
Para dito fin, terase en conta os indicadores de logro citados neste apartado. A súa consecución medirase en: sempre, habitualmente, as veces ou nunca.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada, a través da aplicación PROENS, co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento dos diferentes Bloques e ao remate dos mesmos, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, ca finalidade de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introdución

Consideramos esta programación necesaria xa que axuda a deseñar e planificar a acción docente. Isto non significa que se trate dunha programación pechada ,senón que é considerada como una guía suxeita a modificacións en función do alumnado ao que vai dirixida.
O CPR San José é un centro situado no Concello de Pontevedra, no casco vello da cidade. A maior parte do seu alumnado presenta un nivel socio-económico e cultural medio. A súa realidade lingüística é maioritariamente castelán falante. O centro conta cunha liña concertada de educación primaria e outra liña de educación infantil. Para potenciar a conciliación familiar e laboral das familias ofrece plan madruga, permanece aberto polas tardes de luns a xoves e conta con servizo de comedor.
O primeiro curso de educación primaria ao que vai dirixida esta programación está composto por 18 alumnos e alumnas.
Este curso é esencial para desenvolver as habilidades de aprendizaxe referentes a atención, memoria, razoamento e a contribuír a adquisición das competencias clave.
A nivel cognitivo encóntranse no estadio das operacións concretas, o que quere dicir que deben manipular para acadar os conceptos que lle proporcionamos. Evolucionan na función de representación, chegando a concepción de espazo e tempo. Un elemento esencial é o desenvolvemento da linguaxe que lles permitirá ir estruturando o pensamento.
A nivel físico-motor forman a súa propia imaxe corporal a través da interacción co seu entorno. Teñen un gran dominio da motricidade grosa, dos desprazamentos e da marcha, será neste ciclo no que desenvolvan os aspectos relacionados coa motricidade fina, o seu esquema corporal e a lateralidade.
A nivel socio afectivo consolidan a súa identidade, abandonan o egocentrismo propio da etapa anterior grazas a relación cos compañeiros/as. Desenvolven sentimentos de empatía, tolerancia e respecto, que lles permitirán dominar os hábitos sociais básicos e as normas de convivencia.
A área de Ciencias Sociais concíbese co obxectivo de que os alumnos e alumnas cheguen a ser persoas responsables, activas, respectuosas, comprometidas co planeta, coas persoas e coa súa contorna.
Partiremos dos centros de interese do alumnado e da súa realidade próxima, fomentando a observación, a indagación e o descubrimento dos distintos elementos naturais, sociais e culturais do mundo que os rodea.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Convivo con moitas persoas	Nesta unidade o alumnado comprenderá que as familias son diversas(etnicidade, xénero, parentesco, número de membros...). Aprenderá como se distribúe o colexio ,o uso adecuado de cada espazo, o labor das peroas que traballan no mesmo así como o respecto das normas de	17	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Convivo con moitas persoas	convivencia por parte de todos. Para rematar, identificará as persoas que forman parte do seu contorno próximo.	17	12	X		
2	Vivimos nunha casa	Nesta unidade os alumnos e alumnas coñecerán os distintos tipos de casas que existen así como a distribución dunha casa por dentro. Descubrirán como se costrúe unha casa, as persoas que traballan nesa construcción. Identificarán as tarefas que hai que facer nunha casa e a necesidade de colaboración de toda a familia nas mesmas.	17	12	X		
3	Que hai onde vivo?	Nesta unidade descubrirán o que son as localidades e os elementos que poden encontrar na rúa . Coñecerán como son os barrios e os establecementos onde podemos acudir a mercar. Identificarán a forma correcta de moverse polo barrio e os sinais de tráfico que poden atopar nas beirarrúas, calzadas e no carril bici.	17	12		X	
4	Que vexo arredor de min?	Nesta unidade o alumnado traballará o tempo atmosférico, os distintos tipos de paisaxes e a auga que pode atopar nos mesmos. Identificará as estación do ano e descubrirá a Terra, o Sol a Lúa e as Estrelas. Coñecerán a importancia do coidado e do respecto pola natureza.	17	12		X	
5	Gústame viaxar!	Nesta unidade los alumnos y alumnas coñecerán os distintos tipos de transporte que hai e por onde se desprazan os mesmos. Descubrirán que necesitan os transportes para moverse e como comportarse cando viaxamos, especialmente no transporte público.	16	11			X
6	O paso do tempo	Nesta unidade descubrirán como medir o tempo utilizando o calendario e o reloxo. Coñecerán como cambian as cousas co paso do tempo, a distinción entre pasado, presente e futuro e os edificios doutros tempos que se conservan nas localidades.	16	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Convivo con moitas persoas	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utiliizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiodidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Adquirir responsabilidade individual e utilizar un linguaxe non violenta.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Valorar e mostrar respeto pola diversidade cultural.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e conductas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar as institucións próximas sinalando e valorando as funcións que realizan.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Informar sobre formas de vida do pasado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
2	Vivimos nunha casa	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade `por obxectos, feitos e fenómenos próximos.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as características e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Mostrar respecto por outras persoas e valorar a diversidade cultural.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Usar nocións básicas de medida para ordenar feitos da contorna social e cultural próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.

UD	Título da UD	Duración
3	Que hai onde vivo?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica e democrática.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Facer preguntas e predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Establecer conexións simples entre diferentes elementos da contorna natural, social e cultural.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
4	Que vexo arredor de min?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos pautados utilizando diferentes técnicas de indagación e rexistrando as observación de forma clara.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentables e respectar os elementos e seres do planeta.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos
- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.

UD	Título da UD	Duración
5	Gústame viaxar!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos de fenómenos próximos.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Mostrar estilos de vida sustentable e respectar os elementos e seres do planeta.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as conductas non sexistas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer as normas básicas para a convivencia nos espazos públicos e tomar conciencia da importancia da movilidade segura, saudable e sustentable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.

UD	Título da UD	Duración
6	O paso do tempo	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialóxica empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomente a igualdade de xénero e as conducats non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas valorando a súa función.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural.		
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorno social e cultural próxima.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas relevante da historia e formas de vida do pasado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como establece o currículo, partiremos dos centros de interese do alumnado para que poidan conectar a aprendizaxe en clase cos seus contextos cotiáns, é dicir, conseguir a transferencia das aprendizaxes. Desta maneira, cada alumno/para é protagonista da súa propia aprendizaxe.
Realizarase unha planificación baseada no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Cada alumno e alumna ten os seus intereses, as súas motivacións e as súas propias formas e ritmos de aprendizaxe. Non hai dous alumnos e alumnas iguais, polo que ofreceremos recursos en formatos diversos, actividades con distintos niveis de profundización e exemplificaremos as explicacións con exemplos escritos, visuais, audiovisuais e cinestésicos. Non haberá unha única forma de facer as tarefas, de presentar os saberes nin de desenvolver as competencias. Cada un seguirá un mesmo camiño pero transitarao da forma máis adecuada para eles e a súa experiencia de aprendizaxe.

O enfoque metodolóxico que recolle a nosa proposta curricular organizarase en tres grandes bloques:

MODELOS METODOLÓXICOS
Refírense aos diferentes contextos de ensinanza e aprendizaxe que se poden dar na aula. Non son excluíntes entre si, pois nun mesmo escenario, pódense dar simultaneamente dous ou máis de eles, para complementar e enriquecer a experiencia educativa. Serán o seguintes:
- Modelo discursivo e/ou expositivo.
- Modelo experimental.
- Obradoiros.
- Aprendizaxe cooperativa.
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
Pódense definir como o conxunto de condicións que marcan a dirección que deben seguir as actividades para obter o maior rendemento posible en cada tarefa. Como no caso anterior, os elementos que forman parte deste bloque compleméntanse. Serán os seguintes:
- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Atención individualizada

- Atención á diversidade.
- Inclusión.
- Interacción.
- Aprendizaxe.
- Funcionalidade.
- Globalización.
- Avaliación formativa.
- Outros

AGRUPAMENTO
É un valor metodolóxico fundamental, que enriquece o desenvolvemento das tarefas. Permite que o alumnado aprenda a flexibilizar os seus procesos de traballo e a asumir as responsabilidades persoais e grupais, en función do tipo de tarefa, do grupo que a estea realizando e dos obxectivos que se persigan. Serán os seguintes:
- Tarefas individuais.
- Agrupamento flexible.
- Distribución por parellas.
- Pequeno grupo.
- Gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
-Material impreso: libros de texto.
-Material funxible: inclúe o material solicitado ao alumnado ao principio de curso e o proporcionado polo centro.
-Material visual: vídeos, proxeccións, trípticos, fotografias, encerado, carteis, folletos, etc.
-Material informático: ordenador, programas, internet, pizarra dixital e proxector.
-Material manipulativo: puzles, globo terráqueo, dominós, xogos didácticos, contos, etc.

Procurarase o uso de grande variedade de materiais e recursos (impresos e manipulativos), considerando especialmente, na medida das posibilidades do centro, a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais. Igualmente procurarase o aproveitamento dos recursos propios da contorna .Empregaranse diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso. Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.
Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais.
A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**17**	**17**	**17**	**17**	**16**	**16**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.
No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, lapbooks, traballos en grupo, individuais, realización de proxectos, etc.

Os criterios para a área de Ciencias Sociais son o seguintes:
- Análise das producións dos alumnos/as: 50%
- Intercambios orais cos alumnos/as: 20%
- Observación sistemática: 30%

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:
* 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).
* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)
Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado.
A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.
Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Este modelo permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os

atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).
Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido e a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias. Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.
As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.
A continuación, recóllense as diferentes medidas e actuacións que se van levar a cabo

A) Reforzo educativo nas áreas instrumentais.
Traballarase no primeiro trimestre a lectura (destreza lectora, comprensión, entoación,...) con todo o grupo, nos outros trimestres reforzarase aquel alumnado que presente un ritmo de aprendizaxe máis lento ou amosen algunhas dificultades na adquisición dos obxectivos propostos especialmente nas áreas de lingua e matemáticas.

B) Alumnado cun ritmo lento de aprendizaxe.
Tomaranse as seguintes medidas:
- Propor actividades variadas con distintos niveis de dificultade, estimulantes,motivadoras, integradas nas actividades que se realizan co resto do grupo.
- Reforzo educativo por parte da titora.
- Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar, contribuíndo a mellora da motivación do alumnado
- Adaptar as actividades ao seu nivel.
- Emprego de metodoloxías inclusivas e axuda entre o alumnado, mediante a titoría entre iguais (TEI).
- Intervención, se fose preciso, da mestra de A.L. e P.T.

C) Alumnado cun ritmo rápido de aprendizaxe.
- Planificar actividades de afondamento/ampliación, é dicir, cun nivel maior de complexidade con respecto ás dos seus compañeiros.
- Propor actividades nas que ampliamos o contido.
- Organizar algunha actividade onde este alumnado comparta os seus intereses ou a ampliación dalgún contido cos compañeiros e compañeiras.
- Darlle a oportunidade de ser alumnos titores de compañeiros máis lentos (titoría entre iguais).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X					
ET.4 - Competencia dixital.						X
ET.5 - Creatividade.	X		X	X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Espírito científico.				X		
ET.7 - Emprendemento.				X		
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflictos.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Consumo responsable .			X	X		
ET.11 - Desenvolvemento sustentable.				X	X	
ET.12 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.
Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita, a educación para a paz e a educación emocional estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable ou o emprendemento, serán abordados en unidades didácticas en concreto.
Evitarase na clase os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao mercado.	Coincidindo coa unidade realizaremos unha saída ao mercado			
Saídas culturais.	Visita a un museo, exposicións...			
Saídas á contorna.	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.			
Conmemoracións.	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Internacional da Muller, Día da Paz...			
Actividades deportivas.	Como parte do programa Xogade realizaranse diferentes actividades deportivas tipo iniciación ao balonmano, cross...			
Poxecto De Vida Activa y Saucable	Forma parte do Proxecto Interdisciplinar de Centro no que se traballará durante todo o curso diferentes actividades entre as que podemos destacar a semana da froita,			

Observacións:

As actividades extraescolares e complementarias terán en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.
Ao tempo fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.
O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.
Ademais das conmemoracións habituais, sinaladas no calendario escolar, realizaranse as actividades que os equipos docentes deseñen no momento oportuno e que servirán para o desenvolvemento das competencias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.
A secuenciación dos estándares favoreceu a súa correcta adquisición.
Metodoloxía empregada
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula.
Conseguiuse a participación activa do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Os recursos foron diversos, variados, e adaptados ás características do alumnado.
Utilizouse de forma eficaz as TIC nos procesos de ensino- aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos e agrupamentos (traballo cooperativo, en grupo, parellas).
Clima de traballo na aula
Mantívose un clima na aula no que os alumnos se sintan seguros, con confianza e motivados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.

Descrición:

Avaliar a nosa práctica docente tanto a nivel individual como de forma grupal, a través de reunións e postas en común é unha posibilidade de mellora das nosas función como mestres e mestras.
Para dito fin, terase en conta os indicadores de logro citados neste apartado. A súa consecución medirase en: sempre, habitualmente, as veces ou nunca.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada, a través da aplicación PROENS, co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, ca finalidade de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	1º Pri.	2	70

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	50
4.2. Materiais e recursos didácticos	51
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	52
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	54
6. Medidas de atención á diversidade	56
7.1. Concreción dos elementos transversais	57
7.2. Actividades complementarias	59
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	60
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	61
9. Outros apartados	61

1. Introdución

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 1º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 1º CICLO (6 a 8 anos).

- Ámbito cognitivo: están na idade de tránsito da etapa preoperacional ás das operacións concretas (Piaget), na cal existe unha diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estimulo.

- Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal (ton, relaxación e respiración) e a controlar condutas motrices de base (postura, equilibrio e coordinación); a dominar condutas perceptivo motrices: estruturación espacial / temporal, lateralidade e ritmo. Conseguen o control independente dos segmentos corporais e perfeccionan a motricidade fina e grosa.

- Ámbito afectivo-social: consolidan e amplían o seu proceso de socialización, relacionándose cos demais, respectando regras, dialogando-escoitando e cooperando.

* CONTEXTUALIZACIÓN.
O C.P.R. San José, está situado no Concello de Pontevedra. É un Concello que ten aproximadamente uns 85.000 habitantes e 15 parroquias, incluíndo o casco urbano, que é onde se atopa o centro. Dentro do citado casco, os/as nenos/as en idade escolar repártense entre quince centros públicos e cinco concertados.
A procedencia do alumnado é maioritariamente do casco urbano e o grupo restante acude ao centro utilizando o seu propio vehículo dalgunhas parroquias antes citadas e concellos limítrofes. Este é, basicamente, o principal factor de heteroxeneidade presente no centro.
En canto á situación socioeconómica pódese dicir que a maioría dos ingresos das familias procede de postos de traballo desenvolvidos no propio concello o en municipios limítrofes. Os ingresos familiares situaríanse na media do que se podería considerar unha franxa aceptable.
A primeira lingua utilizada pola inmensa maioría dos alumnos é o castelán. Para rematar, dicir que existen algúns casos de familias desestructuradas,o qué en moitas ocasións, isto reflicte nos resultados académicos.
2.2 O centro.
a) Tipo de centro.
Trátase dun CPR cun total de 154 alumnos/as, 111 de E.P. e 43 de E.I.
b) Horario.
O centro é de xornada continuada, e abrangue dende as 9:00 horas ás 14:00 horas, albergando tamén de 14.00 a 16.00 o servizo de comedor para un total diario (aproximado) de 20 nenos/as. Este curso, por mor do protocolo, as entradas e saídas flexibilizáronse para escalar a entrada e saída do alumnado. De luns a xoves, en horario de 16:00 a 18:00 asistimos ás distintas reunións de titorías, claustros, departamentos¿), destinando unha parte do tempo para a atención ós/as pais/nais, titores/titoras legais do alumnado.
c) Instalacións.
O centro está composto por un edificio:
- Edificio central no que se atopan todas as aulas de primaria e infantil, biblioteca / aula de música, sala de informática, administración, sala de mestres/as, dirección, departamento de orientación e un ximnasio do tamaño dunha aula convecional.
- O comedor, unha empresa externa o centro, recolle os rapaces as 14:00 horas, lévaos andando a un edificio cercano e alí fai o servicio de comida e coidado dos rapaces e rapazas ata as 16:00 horas, que os volve deixar na porta do colexio.
A área de Educación Física, conta, a día de hoxe, cun ximnasio / sala de usos múltiples de aproximadamente 60 metros cadrados, onde en cada sesión se alberga unha clase, maioritariamente, as clases de infantil; unha praza exterior, chamada Praza do Teucro, onde fago as sesións de exteriores os días de non chuvia que compartimos cos recreos de todos os cursos do centro. Este ximansio, é empregado polo alumnado nos recreos para xogos de mesa coma xadrez, parchís, dominó¿que este curso permanecerá aberta, como incremento lúdico, cultural e deportivo que aporta o centro.
Coas clases de 3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria, facemos as dúas sesións de Educación Física no Pavillón Municipal dos Deportes, o cal é un luxo, porque podemos utilizar todos os espacios que alí existen. Coas clases de 1º e 2º de Ed. Primaria, facemos unha das sesións no centro, empregando este ximnasio ou a praza exterior según as condicións climatolóxicas e a outra sesión, nos imos o Pavillón Municipal como o resto dos cursos.
O material co que se conta na área de E.F., é todo o que figura reflectido no inventario de materias de aula.
d) Servizos.
Servizo de comedor (explicado anteriormente), servizo de plan madruga (onde a mesma empresa do comedor, desde as 7:45 ata as 8:55 está cos rapaces e rapazas que precisan este servicio), servizo de limpeza.

- Centro: CPR SAN JOSÉ
- Unidades: 9 (3 en EI e 6 en EP)
- Curso: 1º
- Nº alumnos/as: 18
- Contorna: Zona Monumental cidade de Pontevedra
- Instalacións: ximnasio, polideportivo, patio exterior.
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Educación Física?	Esta UD pretende que o alumnado que se inicia na etapa de Ed. Primaria interiorice os hábitos, valores e actitudes que transmite esta área. Pretendemos que coñeza: - A vestimenta axeitada para a práctica de actividade física. - Hábitos xerais de hixiene tras a práctica dalgunha actividade física - Uso e coidado do material e dos espazos. - Importancia de seguir as regras marcadas. Pautas para a prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento, volta a calma, ...	4	2	X		
2	Coidémonos! É importante.	Con esta unidade didáctica tentaremos crear no alumnado hábitos de saúde para unha mellora da calidade de vida, fomentaremos e faremos cumprir a adopción de prácticas hixiénicas, posturais e alimenticias, contribuír ao benestar físico e mental e persuadir aos nenos/as a que pensen nunha conduta sa fóra do ámbito escolar. Todo iso influirá de xeito positivo na autoestima, e nunha mellor calidade de vida.	9	4	X		
3	Un para todos e todos para un	Os xogos cooperativos son propostas que buscan diminuír as manifestacións de agresividade nos xogos promovendo actitudes de sensibilización, cooperación, comunicación e solidariedade. Buscan a participación de todos, predominando os obxectivos colectivos sobre as metas individuais. Os nenos/as xogan con outros/as e non contra os outros/as; xogan para superar desafíos ou obstáculos e non para superar os demais. Será necesario o traballo en grupo para conseguir un fin común.	8	5	X		
4	Descubrindo como son	Dentro das capacidades perceptivo-motoras atopamos o concepto de corporalidade (Castañer e Camerino). O esquema corporal é un concepto dinámico e maleable que se adquire por aprendizaxe e no que as experiencias xogan un papel fundamental. Unha mala estruturación do esquema corporal e na lateralidade pode ocasionar	7	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Descubrindo como son	problemas no ámbito motor (torpeza, descoordinación...), no perceptivo (mala percepción espazo -temporal que pode chegar a repercutir mesmo na lectoescritura) e no afectivo.	7	5	X		
5	Móvome no espazo e no tempo	Toda acción sucede nun espazo e tempo determinado polo que o traballo da espacialidade e temporalidade é indivisible. A percepción supón a recepción da información que nos chega a través dos sentidos, por iso, se pretende que o alumnado interiorice e automatice nocións básicas como: arriba-abaixo, encima-debaixo, diante-detrás, preto-lonxe, dentro-fóra, esquerda-dereita... para orientarse no espazo próximo.	6	5	X		
6	Des....plazándome	Unha vez traballadas as capacidades de conciencia corporal, control postural (o equilibrio) e nocións espazo-temporais en unidades didácticas anteriores convén traballar as habilidades motrices básicas. Nesta unidade didáctica centrarémonos en diferentes tipos e formas de desprazarse: en grupos, imitando animais, trepando, en parellas, con diferentes tipos de obxectos, transportes, reptacións, empregando diferentes tipos de apoio, etc.	7	5	X		
7	SaltoXiro	Seguindo co traballo das habilidades motrices básicas, esta UD estará enfocada aos saltos e xiros. Ambas habilidades permitirá ao alumnado adquirir unha bagaxe motriz fundamental para desenvolverse en diferentes situacións.	7	5		X	
A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo compararase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.
Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:
- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectiranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.

- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).
- SOCIOGRAMA. permitiranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

CANDO SE AVALÍA?

1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.
A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2022/2023:

1º TRMESTRE (6 UD - 41%):
- UD. 1: 10% = equivalente a un 1 da nota 1º trimestre.
- UD. 2: 22% = equivalente a un 2,2 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 19% = equivalente a un 1,9 da nota 1º trimestre.
- UD. 4: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.
- UD. 5: 15% = equivalente a un 1,5 da nota 1º trimestre.
- UD. 6: 17% = equivalente a un 1,7 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 6)= 10

2º TRMESTRE (5 UD - 33%):
- UD. 7: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 8: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 9: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 10: 21,21% = equivalente a un 2,21 da nota 2º trimestre.
- UD. 11: 15,2% = equivalente a un 1,52 da nota 2º trimestre.

Nota do 2º trimestre (suma das UD da 7 á 11)= 10

3º TRMESTRE (4 UD - 26%):
- UD. 12: 31% = equivalente a un 3,1 da nota 3º trimestre.
- UD. 13 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.
- UD. 14: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.
- UD. 15: 23% = equivalente a un 2,3 da nota 3º trimestre.

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 12 á 15)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desarrollo das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.
Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2022/2023: - 1º TRIMESTRE (6 UD): 41% equivalente a un 4,1 da nota final
- 2º TRIMESTRE (5 UD): 33 % equivalente a un 3,3 da nota final
- 3º TRIMESTRE (4 UD): 26 % equivalente a un 2,6 da nota final

- ORDINARIA (suma das 15 UD): 100% equivalente a 10.

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.
No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo.
Realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas traballarase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organizaranse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; buscarase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).
A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:
- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Non existe ningún no centro.

- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Neste centro, na etapa de primaria existe algún caso diagnosticado de TDAH, pero que non precisan de axuda para seguir o ritmo das sesións.

SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 1º NIVEL DO 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

No grupo ao que está dirixida esta programación atopamos 2 TDAH, tetraso en el habla

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X						
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X						
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial								
ET.6 - Educación Ambiental	X							
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Comprensión Lectora						X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.2 - Expresión Oral e Escrita						X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial							X
ET.6 - Educación Ambiental							X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A Educación Primaria, pretende proporcionar ao alumnado unha educación que lle permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar; desenvolver as habilidades sociais, a creatividade e a afectividade; lograr que adquiran os elementos básicos da cultura, e formalo para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigacións na vida como cidadáns. Desta forma, tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, a actuación do profesor e a relación que se establece entre el e o alumno reviste unha gran relevancia; por iso, os principios nos que se fundamentan os temas transversais deben inspirar en toda a actividade docente e, do mesmo xeito deben ser traballados conxuntamente coas familias para que os nenos e nenas non vivan actuacións contraditorias entre o ámbito escolar e familiar. Para conseguir o anteriormente exposto, faise necesaria a presenza dos temas transversais no currículo. Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado. Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante. Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación: Educación para a saúde e calidade de vida. No centro temos un PVAD onde son eu o coordinador do programa dende a asignatura de Educación Física. Educación ambiental Educación para a paz Educación do consumidor Educación vial Educación para a igualdade Educación para o ocio

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Móvete 15	Todos os días. Para mellorar a concentración, previr obesidade e concienciar de hábitos de vida saudable. Entre a segunda e a terceira sesión o alumnado saerá ao patio a camiñar, correr ou bailar durante 15 minutos con música. Non é un recreo, cando remate voltan ás aulas e seguen coa 3ª sesión.			
O Magosto	Saída ao entorno natural do centro, onde coa escusa de celebrar a conmemoración do magosto realizaremos unha xornada multideporte na natureza.			
Día da Paz	Realizarase unha xornada de xogos cooperativos.			
Obradoiro Xogos Tradicionais	Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,...			
Saída Parque Multiaventura	Xornada na que o alumnado pode realizar múltiples actividades no medio natural como: escalada, tirolinas, circuítos arbóreos, gymkanas, tiro con arco, xogos de habilidade,...			
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena ruta de sendeirismo.			
Xincana natural	Saída a un parque cercano para realizar a primeira das sesións da última Unidade Didáctica "Xogos na natureza". Dita sesión incluirá unha xincana de xogos aproveitando o medio natural no que estamos, e engadíndolle material que levamos do centro.			
Plan Proxecta: Proxectos de Vida Activa e Saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado, tanto dentro como fóra do centro, e a medición do impacto que ten este incremento da carga de actividade física realizada na saúde dos escolares.			

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes. Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente. As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente. Como fun dicindo, estamos dentro de algús programas (XOGADE), contamos coa colaboración de diferentes clubes da cidade e sempre estamos abertos a posibles futuras colaboracións novas. Tamén facemos outros deportes coma judo, loita e todos aqueles que se poñan en contacto con nós para fomentar o seu deporte. Tamén dentro do programa XOGADE e dentro do programa "Coñece o meu clube" temos unha charla e visitamos as instalacións do Clube Sincro Pontevedra . O propio centro educativo e eu como mestre de educación física, estamos abertos a aumentar todas as posibilidades que nos surxan o longo do curso. Tamén facemos xornadas de concienciación e sensibilización da discapacidade, con charlas con entidades como Amizade (onde os seus colaboradores nos indican os deportes que fan e as adaptacións que teñen que facer), o Juan XXIII e Virxen da O, onde facemos deporte adaptado as disfuncións dos seus participantes. Facemos xornadas de Intercentros dentro do programa XOGADE onde imos visitar a outros colexios da contarna, e facemos una xornada de deportes e convivencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Alumnado: conseguiuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariedade: Planifición da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliacion inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introdución

Consideramos esta programación necesaria xa que axuda a deseñar e planificar a acción docente. Isto non significa que se trate dunha programación pechada ,senón que é considerada como una guía suxeita a modificacións en función do alumnado ao que vai dirixida.
O CPR San José é un centro situado no Concello de Pontevedra, no casco vello da cidade. A maior parte do seu alumnado presenta un nivel socio-económico e cultural medio. A súa realidade lingüística é maioritariamente castelán falante. O centro conta cunha liña concertada de educación primaria e outra liña de educación infantil. Para potenciar a conciliación familiar e laboral das familias ofrece plan madruga, permanece aberto polas tardes de luns a xoves e conta con servizo de comedor.
O primeiro curso de educación primaria ao que vai dirixida esta programación está composto por 18 alumnos e alumnas.
Este curso é esencial para desenvolver as habilidades de aprendizaxe referentes a atención, memoria, razoamento e a contribuír a adquisición das competencias clave.
A nivel cognitivo encóntranse no estadio das operacións concretas, o que quere dicir que deben manipular para acadar os conceptos que lle proporcionamos. Evolucionan na función de representación, chegando a concepción de espazo e tempo. Un elemento esencial é o desenvolvemento da linguaxe que lles permitirá ir estruturando o pensamento.
A nivel físico-motor forman a súa propia imaxe corporal a través da interacción co seu entorno. Teñen un gran dominio da motricidade grosa, dos desprazamentos e da marcha, será neste ciclo no que desenvolvan os aspectos relacionados coa motricidade fina, o seu esquema corporal e a lateralidade.
A nivel socio afectivo consolidan a súa identidade, abandonan o egocentrismo propio da etapa anterior grazas a relación cos compañeiros/as. Desenvolven sentimentos de empatía, tolerancia e respecto, que lles permitirán dominar os hábitos sociais básicos e as normas de convivencia.
A educación artística cobra especial relevancia na educación primaria porque, tal e como indican os avances das neurociencias e as ciencias da educación, contribúe ao desenvolvemento integral do alumnado en múltiples dimensións: sensorial e psicomotriz, a través do desenvolvemento da percepción, da potenciación da intelixencia, do pensamento crítico, e da atención e memoria a curto e longo prazo. Estimula a expresión, a sensibilidade social e as habilidades comunicativas.
Nesta materia os alumnos explorarán as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as diferentes técnicas plásticas, visuais e audiovisuais para a creación das súas propias propostas. Considérase fundamental abordar o traballo, tanto individual como colectivamente, desde unha variedade de ferramentas, instrumentos e materiais, co obxectivo de que os estudantes investiguen e experimenten na dimensión lúdica, creativa, comunitaria e social da área.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Debuxo o meu entorno.	Neste primeiro trimestre, propóñense diversas actividades plásticas que parten de contidos relacionados co seu ambiente máis próximo. Ponse o foco nos seguintes aspectos: análise e interpretación de monumentos e obras pictóricas recoñecidas, expresando as emocións que estas lle xeran; observación, identificación e discriminación de formas xeométricas presentes en elementos da súa contorna e o seu emprego no deseño e produción das súas creacións plásticas; procura de información sobre producións artísticas soadas para ampliar o seu coñecemento sobre elas; experimentación e representación a través do emprego de diferentes soportes, técnicas e materiais artísticos; elaboración do retrato dun compañeiro ou compañeira remarcando as súas expresións faciais e o seu posterior posta en común na aula; participación en proxectos grupais poñendo en práctica habilidades sociais que desenvolvan valores como a empatía e a diversidade.	33	11	X		
2	Trazos de cores.	Neste trimestre, incídese en que a natureza representa unha fonte de inspiración e creatividade moi relevante para a produción de composicións artísticas. A	33	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Trazos de cores.	multitude de cores que mostran as paisaxes, os cambios na súa tonalidade segundo as estacións, as emocións que suscitan¿ son trazos que nos ofrecen un marco excepcional para traballar, correlativamente, conceptos vinculados coa arte e coa natureza. Ponse o foco nos seguintes aspectos: análise e interpretación de obras pictóricas soadas; experimentación de combinacións de cores empregando materiais diversos, a súa discriminación e interpretación; expresión e identificación de emocións a través do emprego de cores e o seu significado nos seus traballos plásticos; experimentación e representación a través do emprego de diferentes soportes, técnicas e materiais artísticos; construción dun obxecto de papel en 3D seguindo uns pasos predeterminados, e a elaboración grupal dun mural dunha paisaxe e o seu posterior posta en común na aula.	33	12		X	
3	Deseñar e reciclar.	Este trimestre centrarase en que a reutilización de materiais e a reciclaxe son prácticas ambientais que están estreitamente unidas ás artes plásticas. Combinar a creatividade e a innovación con conceptos máis complexos relacionados coa concienciación ambiental e o consumo responsable vai permitir que o alumnado aprenda dunha forma máis global e significativa. Os aspectos máis destacados son: análise de esculturas e pinturas recoñecidas e a súa interpretación para empregalas como modelo ao confeccionar as súas obras; procura de información sobre exposicións e producións artísticas soadas; experimentación e representación a través do emprego de diferentes soportes, técnicas e materiais artísticos; organización dunha exposición de esculturas elaboradas con materiais de refugallo, e a participación en proxectos artísticos que potencian a reutilización de materiais e desenvolven a conciencia ambiental.	34	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Debuxo o meu entorno.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Mostrar curiosidade por diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Buscar información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, empregando o vocabulario específico básico para describir os seus elementos.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Observar o entorno inmediato e crear composicións artísticas. Relacionar os elementos plásticos coa natureza e co medio (outono).		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Buscar información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, empregando o vocabulario específico básico para describir os seus elementos.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar e colaborar cunha actitude positiva na elaboración dun mural.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñecer e apreciar a beleza da natureza nas representacións plásticas.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Empregar a liña aberta e pechada, experimentando con elas para completar debuxos no ordenador e colorear debuxos arrastrando diferentes tonalidades co ordenador.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Manifestar sentimentos e emocións a través da creación de obras propias, utilizando ferramentas audiovisuais.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
2	Trazos de cores.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descubrir, identificar e empregar os diferentes tipos de liña.	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Describir distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, empregando o vocabulario específico básico.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participar no proceso cooperativo de creación, compartindo as súas experiencias.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Participar no proceso cooperativo de creación, compartindo as súas experiencias.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Buscar información sobre manifestacións culturais e artísticas.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identificar distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Participar no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explicar o proceso e o resultado final das experiencias creativas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar as creacións artísticas e audiovisuais dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa.

Contidos
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Deseñar e reciclar.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Mostrar curiosidade por diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	100
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Emplear del vocabulario específico básico para describir elementos artísticos plásticos y visuales, mostrando una actitud positiva		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Manifestar sentimentos e emocións a través da creación de obras propias, mostrando unha actitude positiva e empática cos demais.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valorar e respectar as producións plásticas propias e alleas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar e valorar as obras dos demais		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crear obras propias, utilizando ferramentas audiovisuais.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Manifestar sentimentos e emocións a través da creación de obras propias, utilizando ferramentas audiovisuais.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Producir creacións audiovisuais, traballando de forma colaborativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como establece o currículo, partiremos dos centros de interese do alumnado para que poidan conectar a aprendizaxe en clase cos seus contextos cotiáns, é dicir, conseguir a transferencia das aprendizaxes. Desta maneira, cada alumno e alumna é protagonista da súa propia aprendizaxe.
Realizarase unha planificación baseada no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Cada alumno e alumna ten os seus intereses, as súas motivacións e as súas propias formas e ritmos de aprendizaxe. Non hai dous alumnos e alumnas iguais, polo que ofreceremos recursos en formatos diversos, actividades con distintos niveis de profundización e exemplificaremos as explicacións con exemplos escritos, visuais, audiovisuais e cinestésicos. Non haberá unha única forma de facer as tarefas, de presentar os saberes nin de desenvolver as competencias. Cada un seguirá un mesmo camiño pero transitarao da forma máis adecuada para eles e a súa experiencia de aprendizaxe.
O enfoque metodolóxico que recolle a nosa proposta curricular organizarase en tres grandes bloques:
MODELOS METODOLÓXICOS
Refírense aos diferentes contextos de ensinanza e aprendizaxe que se poden dar na aula. Non son excluíntes entre si, pois nun mesmo escenario, pódense dar simultaneamente dous ou máis de eles, para complementar e enriquecer a experiencia educativa. Serán o seguintes:
- Modelo discursivo e/ou expositivo.
- Modelo experimental.
- Obradoiros.
- Aprendizaxe cooperativa.
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
Pódense definir como o conxunto de condicións que marcan a dirección que deben seguir as actividades para obter o maior rendemento posible en cada tarefa. Como no caso anterior, os elementos que forman parte deste bloque compleméntanse. Serán os seguintes:
- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Atención individualizada.
- Atención á diversidade.
- Inclusión.
- Interacción.
- Aprendizaxe.
- Funcionalidade.
- Globalización.
- Avaliación formativa.
- Outros

AGRUPAMENTO
É un valor metodolóxico fundamental, que enriquece o desenvolvemento das tarefas. Permite que o alumnado aprenda a flexibilizar os seus procesos de traballo e a asumir as responsabilidades persoais e grupais, en función do tipo de tarefa, do grupo que a estea realizando e dos obxectivos que se persigan. Serán os seguintes:
- Tarefas individuais.
- Agrupamento flexible.
- Distribución por parellas.
- Pequeno grupo.
- Gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material impreso: libros de texto.
-Material funxible: inclúe o material solicitado ao alumnado ao principio de curso e o proporcionado polo centro.
-Material visual: vídeos, proxeccións, trípticos, fotografias, encerado, carteis, folletos, etc.
-Material informático: ordenador, programas, internet, pizarra dixital e proxector.
-Pinceis, témperas, ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento , tesoiras, e diferentes tipos de follas secas.

Procurarase o uso de grande variedade de materiais e recursos (impresos e manipulativos), considerando especialmente, na medida das posibilidades do centro, a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais. Igualmente procurarase o aproveitamento dos recursos propios da contorna .Empregaranse diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso. Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Educación Plástica
Dita proba neste centro consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade. Ademais, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.
A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**33**	**33**	**34**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.
No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de proxectos, etc.
Os criterios para a área de Educación Plástica son o seguintes:
- Análise das producións dos alumnos/as: 60%
- Intercambios orais cos alumnos/as: 10%
- Observación sistemática: 30%

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas: 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).
5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)
Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado. A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.
Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.
Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Este modelo permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).
Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido e a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias. Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.
As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.		X	X
ET.6 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflictos.	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores.	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. A materia de Educación Plástica será un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.
Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita, a educación para a paz e a educación emocional estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable ou a competencia dixital serán abordados en unidades didácticas en concreto.
Evitarase na clase os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída a unha zona de árbores de folla caduca.	Recoller distintos tipos de follas de árbores para a realización de diversas obras.	X		
Exposicións dos traballos realizados en cada UD.	Expoñer nun lugar do centro as obras realizadas na aula ao longo dos tres trimestres.	X	X	X
Conmemoracións.	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Internacional da Muller, Día da Paz..	X	X	X

Observacións:

As actividades extraescolares e complementarias terán en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.
Ao tempo fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.
O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.
Ademais das conmemoracións habituais, sinaladas no calendario escolar, realizaranse as actividades que os equipos docentes deseñen no momento oportuno e que servirán para o desenvolvemento das competencias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.
A secuenciación dos estándares favoreceu a súa correcta adquisición.
Metodoloxía empregada
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Os recursos foron diversos, variados, e adaptados ás características do alumnado.
Utilizouse de forma eficaz as TIC nos procesos de ensino- aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos¿) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos, agrupamentos(traballo cooperativo, en grupo, parellas¿) e propostas.
Clima de traballo na aula
Conseguiuse a participación activa do alumnado.
Mantívose un clima na aula no que os alumnos se sintan seguros, con confianza, motivados e usando a disciplina e liberdade en función da vida da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.

Descrición:

Avaliar a nosa práctica docente tanto a nivel individual como de forma grupal, a través de reunións e postas en común é unha posibilidade de mellora das nosas función como mestres e mestras.
Para dito fin, terase en conta os indicadores de logro citados neste apartado. A súa consecución medirase en: sempre, habitualmente, as veces ou nunca.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada, a través da aplicación PROENS, co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, ca finalidade de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introdución

Consideramos esta programación necesaria xa que axuda a deseñar e planificar a acción docente. Isto non significa que se trate dunha programación pechada ,senón que é considerada como una guía suxeita a modificacións en función do alumnado ao que vai dirixida.
O CPR San José é un centro situado no Concello de Pontevedra, no casco vello da cidade. A maior parte do seu alumnado presenta un nivel socio-económico e cultural medio. A súa realidade lingüística é maioritariamente castelán falante.O centro conta cunha liña concertada de educación primaria e outra liña de educación infantil. Para potenciar a conciliación familiar e laboral das familias o centro ofrece plan madruga, permanece aberto polas tardes de luns a xoves e conta con servizo de comedor.
O primeiro curso de educación primaria ao que vai dirixida esta programación está composto por 18 alumnos e alumnas.
Este curso é esencial para desenvolver as habilidades de aprendizaxe referentes a atención, memoria, razoamento e a contribuír a adquisición das competencias clave.
A nivel cognitivo encóntranse no estadio das operacións concretas, o que quere dicir que deben manipular para acadar os conceptos que lle proporcionamos. Evolucionan na función de representación, chegando a concepción de espazo e tempo. Un elemento esencial é o desenvolvemento da linguaxe que lles permitirá ir estruturando o pensamento.
A nivel físico-motor forman a súa propia imaxe corporal a través da interacción co seu entorno. Teñen un gran dominio da motricidade grosa, dos desprazamentos e da marcha, será neste ciclo no que desenvolvan os aspectos relacionados coa motricidade fina, o seu esquema corporal e a lateralidade.
A nivel socio afectivo consolidan a súa identidade, abandonan o egocentrismo propio da etapa anterior grazas a relación cos compañeiros/as. Desenvolven sentimentos de empatía, tolerancia e respecto, que lles permitirán dominar os hábitos sociais básicos e as normas de convivencia.
A área de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado, tendo a literatura un valor significativo como producto de expresión artística e de relación con outras manifestacións artísticas e culturais da contorna, de Galicia e do mundo.
Na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística móstrase esencial para desenvolverse na maioría dos aspectos e circuntancias da vida cotiá. Do mesmo xeitos que na era das tecnoloxías e da información todo o alumnado debe estar preparado para entender, elaborar e producir calquera tipo de mensaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A lectoescritura.	Este bloque pretende que as alumnas e os alumnos mostren interese por facer un uso correcto da lingua oral e escrita e pola lectura de textos de literatura infantil. Prestarase especial atención a que lean e comprendan textos escritos adecuados ao seu nivel, procurando que ao ler en voz alta poñan interese na pronuncia, na entoación e no ritmo correctos. Valorarase a realización de razoamentos sinxelos e a exposición de conclusións a partir da lectura de textos adecuados ao seu nivel.	25	45	X	X	
2	A comunicación oral.	Este bloque resalta as situacións de comunicación que teñen lugar no ámbito cotián das nenas e os nenos e ás que se achegan desde o punto de vista da lingua. Prestarase atención á expresión das emocións e á interacción coas persoas da contorna, presentando un gran número de facetas para a expresión e a reflexión sobre o intercambio comunicativo.	22	27	X	X	X
3	A competencia lectora.	O eixo deste bloque é a lectura de textos literarios dende varios puntos de vista: a comprensión, a valoración e o interese por explorar a creación literaria. Exporanse actividades para a reflexión e a práctica da lectura expresiva, presentando textos	23	32	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A competencia lectora.	literarios en diferentes ámbitos da vida cotiá e poñendo o acento na creatividade e nos diferentes modos de entender os distintos tipos de lectura, a medida que se desenvolven os gustos literarios.	23	32	X	X	X
4	A escritura.	Este bloque pon a énfase no desenvolvemento da capacidade de expresión a través da linguaxe escrita e o coñecemento das normas básicas de ortografía a partir de actividades motivadoras que dan valor e sentido ás letras que nos rodean. Valorarase a aprendizaxe da linguaxe escrita a través da expresión e a interacción, prestando atención ao valor da comunicación e dos diferentes medios comunicativos do pasado e da actualidade. Partirase da contorna social máis cercana ao alumnado para favorecer o desenvolvemento da escritura e a construción de aprendizaxes funcionais próximas á súa realidade.	22	26	X	X	X
5	A xogar!	Este bloque de actividades centrarase na adquisición e o afianzamento de multitude de contidos da lingua a partir da realización de actividades lúdicas. De forma transversal, o alumnado vai desenvolver o seu pensamento lóxico, diversas destrezas cognitivas, as habilidades sociais e a súa capacidade de decisión e acción. Tratarase de sentar a base para promover o interese e o gusto pola lingua e a literatura.	8	10		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A lectoescritura.	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Valorar e comprender o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade.	PE	17
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Estudar textos sinxelos con axuda para identificar elementos formais como maiúsculas, puntos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Utilizar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas culturais, persoais e coa perspectiva de xénero.	TI	83
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Identificar o sentido global dun texto cando len en voz alta.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Aplicar os coñecementos básicos de vocabulario e regras de otografía na lectura de textos infantís.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Seleccionar e contrastar información de diferentes fontes, incluídas fontes dixitais.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Realizar, de maneira acompañada, unha selección de fontes documentais sobre un tema do seu interese e compartir os resultados.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Buscar a información usando as tecnoloxías adecuadas de forma segura.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler diferentes texto escritos en función dos seus gustos e intereses.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Ler texto escritos e reproducir algúns datos contidos neles.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Enunciar normas básicas sinxelas para o uso correcto da linguaxe na produción de textos.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario a través de los textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Procesos: produción escrita

Contidos
- Adquisición progresiva da lectoescritura. - Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	A comunicación oral.	27

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprender globalmente textos orais sinxelos e recoñecer as ideas principais.	PE	20
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identificar con axuda o contido de textos orais e multimodais sinxelos.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Respectar e mostrar interese polas diferentes linguas e variedades dialectais da súa contorna, identificando algunhas das súas características.	TI	80
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Ampliar o vocabulario básico mediante as experiencias na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproducir textos orais sinxelos.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Utilizar recursos elementais para producir textos orais coherentes.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Utilizar un vocabulario adecuado ao seu nivel e cunha secuencia coherente para participar en interaccións orais.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Ler texto escritos e reproducir algúns datos contidos neles.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Acadar unha competencia comunicativa integrada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos¿). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.

Contidos
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos. - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios... - Procesos: produción oral - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais. - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas. - Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
3	A competencia lectora.	32

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Elaborar conclusións sobre textos sinxelos, tendo en conta a concordancia e as relacións de significado entre as palabras.	PE	18
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Reler os propios textos e corrixir os erros, desenvolvendo o espírito crítico		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.	Coñecer o funcionamento da biblioteca de aula.	TI	82
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler diferentes texto escritos en función dos seus gustos e intereses.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	Apreciar o valor de textos literarios sinxelos.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Reproducir de xeito acompañado textos literarios sinxelos.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Mostrar interese pola lectura e os textos.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Interpretar textos e obras da literatura infantil adecuados.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Adquirir vocabulario a través dos textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida en fontes sinxelas. - Modelos explícitos para comunicar a información. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.

Contidos
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. - Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación. - Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Estratexias para a transformación guiada de palabras entre as distintas linguas da contorna escolar. - Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados. - Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
4	A escritura.	26

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Elaborar textos sinxelos, tendo en conta a asociación fonema-grafía e a formación das palabras.	PE	18
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Producir textos escritos sinxelos, tentando aplicar os modelos dados ás propias producións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Recoñecer algúns prexuízos e estereotipos lingüístico e culturais.	TI	82
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Recoñecer o sentido global dun texto o ler en voz alta.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Desenvolver estratexias para a comprensión lectora.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Valorar a lectura como medio de goce persoal e comprender o significado de textos sinxelos, adaptados ao seu nivel.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Estudar textos sinxelos con axuda para identificar elementos formais como maiúsculas, e puntos.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aquirir o hábito lector e o gusto pola lectura.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coñecer, a organización e ofuncionamento das bibliotecas de aula e de centro.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Construir un pensamento crítico non discriminatorio a través da linguaxe.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos¿). - Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos

Contidos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas). - Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións. - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos. - Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita. - Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita. - Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.

UD	Título da UD	Duración
5	A xogar!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprender globalmente textos orais sinxelos e recoñecer as ideas principais.	PE	52
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Valorar e comprender o significado de textos sinxelos adaptados á súa idade.		
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Escribir textos sinxelos con axuda e usar correctamente a ortografía e o vocabulario.		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Producir textos escritos sinxelos, tentando aplicar os modelos dados ás propias producións.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Elaborar conclusións sobre textos sinxelos, tendo en conta a concordancia e as relacións de significado entre as palabras.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Reler os propios textos e corrixir os erros, desenvolvendo o espírito crítico.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal.	TI	48
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Utilizar recursos elementais para producir textos orais coherentes.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Utilizar un vocabulario adecuado ao seu nivel e cunha secuencia coherente para participar en interaccións orais.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Utilizar estratexias básicas para a escoita activa e consensuada, a partir da xestión dialogada dos conflitos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Ler textos escritos e reproducir algúns datos contidos neles.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Mostrar interese pola lectura e os textos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e

Contidos
- ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
5	Is it a plane?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e entender de maneira habitual palabras e expresións habituais en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiás.	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Expresar habitualmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de maneira guiada información básica nas situacións nas que terán que atender a diversidade.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Compara e contrasta, de maneira guiada, as similitudes e diferencias evidentes entre as linguas.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	É quen de conseguir o obxectivo de maneira total.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia de maneira habitual a diversidade lingüística e cultural da lingua inglesa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).

Contidos
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
6	Let¿s Dance	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e entender de maneira habitual palabras e expresións habituais en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiás.	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresión oral de frases curtas e sinxelas utilizando recursos globais ou específicos.		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Expresar habitualmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participa, de forma guiada, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas de maneira previa.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de maneira guiada información básica nas situacións nas que terán que atender a diversidade.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Compara e contrasta, de maneira guiada, as similitudes e diferencias evidentes entre as linguas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	É quen de conseguir o obxectivo de maneira total.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Amosa interese pola comunicación intercultural de maneira habitual.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia de maneira habitual a diversidade lingüística e cultural da lingua inglesa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
7	That¿s delicius	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e entender de maneira habitual palabras e expresións habituais en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiás.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresión oral de frases curtas e sinxelas utilizando recursos globais ou específicos.		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Expresar habitualmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Participa, de forma guiada, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas de maneira previa.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de maneira guiada información básica nas situacións nas que terán que atender a diversidade.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Compara e contrasta, de maneira guiada, as similitudes e diferencias evidentes entre as linguas.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	É quen de conseguir o obxectivo de maneira total.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia de maneira habitual a diversidade lingüística e cultural da lingua inglesa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

Contidos
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será esencialmente comunicativa, centrándonos na comprensión e produción de textos orais e escritos.
A metodoloxía tamén estará enfocada a que a aprendizaxe da lingua estranxeira teña unha finalidade práctica, é dicir, que o alumnado poida aplicar os seus coñecementos no mundo real, fóra da aula. O alumnado debe acadar a adquisición das habilidades que interveñen na comunicación e a capacidade de poñelas en práctica nos distintos contextos de actuación.

Propoñemos un enfoque metodolóxico que contempla a aprendizaxe da lingua complementada coa aprendizaxe integrada de contidos doutras materias. Os profesores traballan simultaneamente con obxectivos lingüísticos e obxectivos de contido. Deste xeito, aprender inglés non se limita a simplemente aprender outro conxunto de palabras, senón que implica desenvolver os conceptos detrás das propias palabras. O alumnado poderá desenvolver as súas habilidades de pensamento coas súas habilidades de comunicación en inglés.

Buscaremos un enfoque orientado á acción creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo sobretodo no desenvolvemento do xogo. Partiremos en todo momento das aprendizaxes previas do grupo realizando proxectos significativos moi simplificados adaptados a este nivel. O deseño das actividades estarán marcados por atender de maneria significativa á diversdade do alumnado o que lles permitirá que acaden un desenvolvemento global de maneira individual e grupal.

Impulsaremos situacións diversas de interacción de comunicación oral entre o alumnado : en parellas, pequenos grupos ou grupo - aula, en situacións reais ou supostas, tales como dramatizacións de diálogos ou role-plays.
Neste ámbito da comunicación oral, introduciremos o xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades xa que nos parece un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales como xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir moi brevemente a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias de terceiro de Primaria.

Empregaremos tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e o uso do formato vídeo e a radio escolar para emitir e gravar pequenas cuñas publicitarias e mensaxes para o resto da comunidade escolar, alternando este traballo coa introducción da lectura na lingua estranxeira e propiciando a escoita .

Dotaremos aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas , ata relacionarse nos xogos e entender as necesidades dos/as demais. Priorizararemos a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte á tradución, para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

Poñeremos en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as

linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material dixital
Contos ou material de fomento lector
Material didáctico de xogo
Poster e murais
Material de aula

- Libros de lectura, principalmente contos: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente.
- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: de elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que nos brindan a editorial e os lugares especializdos. Contribúen ao impacto visual, colorido e atractivo da lingua como referencia para a aula. Pódense usar en calquera lección para practicar ou revisar a linguaxe clave.
- Encerado dixital. Aplicacións dixitais, xogos online, recursos de internet, rediio, vídeos, música, ...
- Recursos propios da contorna: Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.
- Materias didácticos de xogo: xogos de memory, xogos de rol, xogos de números, xogos relacionados con cada unidade, xogos de localización e movemento, xogos de música,...
- Aplicacións ou apps: Go!Richmond ou Rex.
- Pop-outs: Proporcionan unha actividade práctica para os nenos e están deseñados como vehículo para a práctica oral das estruturas impartidas na lección.
- Adhesivos: aos alumnos encantará manipular e pegar os adhesivos. Ofrecen variedade traballando con diferentes actividades. Tamén incluiremos adhesivos de premios innovadores para que os estudantes poidan pegalos nas súas actividades favoritas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaremos esta avaliación ao comezar o curso e polo tanto o proceso educativo e serviranos para establecer a liña base e o punto de partida do proceso de ensinanza aprendizaxe. Con esta avaliación inicial coñeceremos cales son as capacidades e características que teñen cada un dos nosos alumnos/as nos diferentes ámbitos de seu desenvolvemento.
Realizaremos un ficheiro de datos onde se recollerán datos relevantes sobre o proceso de desenvolvemento das capacidades completadas nos obxectivos do currículo. Incluiremos ademais a información proporcionada polo pai, nai ou titor legal, e se fora o caso, dos informes médicos, psicolóxicos, psicopedagóxicos que aporten estes ao comezo da escolarización do presente curso.
Rexistrarase ademais a observación directa, que realizaremos mediante instrumentos de recollida baseados no proxecto educativo e no currículo vixente.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**10**	**18**	**18**	**12**	**12**	**18**	**12**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

Observación sistemática do traballo do alumno e participación e integración na clase.
Intercambios orais: Preguntas e respostas na clase, diálogos, coloquios breves e debates.
Exercicios específicos asociados aos distintos obxectivos programados en cada Unidade Didáctica.
Revisión, análise e comentario das actividades e traballos realizados, recollidas en exercicios específicos.
Autoavaliación.
Coavaliación.
Instrumentos:
Rexistro personalizado, onde se aprecian os resultados da observación, o análise de tarefas, intervencións na clase e corrección de exercicios e do Portfolio, que integre a información obtida e a súa avaliación.
Probas orais.
Producións e probas escritas, que incorporen os resultados obtidos nas distintas actividades que se integran no proceso educativo.
Rexistro de avaliación.

Actitude receptiva, comportamento axeitado e valoración positiva das actividades encomendado:
Interese e curiosidade por aprender a lingua inglesa.
Participación activa na clase.
Uso axeitado das estratexias básicas para aprender a aprender.
Respecto ao profesor e aos compañeiros.
Interese pola mellora da competencia comunicativa, tanto expresiva como comprensiva, oral e escrito.
Elaboración do caderno escolar, no que se recollen as actividades e os traballos de desenvolvemento da Unidade Didáctica.
Colaboración cos compañeiros para levar a cabo a aprendizaxe en a cooperativa.
Resolución das cuestións que xurdan nas distintas actividades, xa sexa de forma oral ou escrito.
Respecto e valoración polo uso doutras linguas.
Recoñecemento da diversidade lingüística como elemento enriquecedor.
Interese polo traballo e aplicación ao mesmo, valorando o aprecio do alumno polo correcto e realización precisa dos exercicios e actividades, así como o gusto pola presentación da traballar de forma clara, ordenada, limpa e cunha ortografía correcta.

Criterios de recuperación:

Ademais de indicacións específicas e/ou persoais que se puidesen recibir de PT ou doutro tipo estamentos, propóñense e desenvólvense diversas actividades complementarias en cada unidade didáctica para abordar estas medidas de reforzo e apoio. Véxase o devandito desenvolvemento.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Teranse sempre preparadas actividades para aqueles alumnos/as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. .., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento. Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística)...
Poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros/as que tamén vaian rematando.

Haberá diversificación de tarefas, tanto individuais como colectivas.

O alumnado con dificultades de parendizaxe serán sempre inluídos nas actividades de grupo, marcando o seu propio rol e adaptando sempre cada unha das actividades ás súas circunstancias e as súas capacidades. Utilizaremos neste momento traballos experimentais e cooperativos que lles axuden á consecución dos obxectivos previstos.

Estaremos moi pendentes do alumando con transtornos de conducta, buscando en todo mometno a coordinación co equipo de profesorado e o profesorado de AI e PT, de tal xeito que sexa en todo momento incluído no grupo clase.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Expresión oral	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións	Acudiremos a exposicións relacionadas coas unidades didáticas.			
Concertos	Acudiremos a concertos na lingua extranxeira inglés.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contacontos	Faremos diferentes contacontos. Levaranse a cabo por diferentes estamentos da comunidade educativa e por empresas colaboradoras co centro.			
Obradoiros	Acudiremos a diferentes obradoiros relacionados coas tres unidades.			
Semana do libro	Celebración da semana do libro relacionando esta semana coa lingua extranxeira.			
Conmemoracións	Utilización do inglés nalgunha das conmemoracións do centro ao longo do ano.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Consecución de competencias
Cumprimento das programacións didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de recursos bibliográficos, informáticos, audiovisuais e espaciais
Aproveitamento dos recursos
Cumprimento das normas de organización de centro
Medidas de atención á diversidade
Seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe
Atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Relación coa comunidade educativa.

Descrición:

A avaliación de cada profesor realizarase desde varios puntos de vista:
¿ Autoliquidación do interesado.
¿ Por equipos didácticos ou docentes mediante a posta en común dos aspectos xerais da autoavaliación individual.
¿ Avaliación do Equipo Directivo.

Avaliarase o procedemento de utilización de recursos bibliográficos, informáticos, audiovisuais e espaciais. Farase unha comprobación da existencia dos protocolos que levará a cabo o equipo directivo e reflexarase na memoria final. Farase unha avaliación da organización e aproveitamento dos recursos cun seguimento efectivo dos protocolos de uso, sen que se produzan disfuncións. Avaliarase a utilización dos recursos por parte de todos de forma que os

recursos previstos se utilizaran polo menos unha vez por curso.
Avaliarase a existencia dunha correcta convivencia entre toda a comunidade educativa axustada ao estándar real do marco escolar, así coma a existencia dun Plan de Convivencia axustado cumprimento en todo momento os trámites sinalados e confirmando a intervención correcta por parte do profesor.
Terase en conta o cumprimento do PEC, así como, dos programas didácticos.
Referirase unha avaliación da consecución de competencias, a porcentaxe de alumnos con avaliación positiva, as programacións didácticas revisadas e axustadas ás características individuais de cada alumno/a así como a satisfacción das familias co profesor/a.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta Programación Didáctica é un documento aberto, susceptible de melloras e/ou modificacións que se poidan considerar oportunas, para que sexa unha guía eficaz do proceso de ensino-aprendizaxe do noso Centro.
Ao comezo do curso reunirase o Equipo de Ciclo para facer a revisión da Programación Didáctica, deste xeito contribuiremos a ter actualizado o devandito documento e ao mesmo tempo axudaranos a reflexionar a nosa práctica educativa e as diferentes situacións que se nos presentan, tales como: estimular a aprendizaxe, atender á diversidade, organización de do alumnado, axudar ao alumnado no seu desenvolvemento persoal, regular comportamentos persoais e sociais, avaliar, promover o alumnado, distribuír tempos e espazos, os recursos empregados, utilizar medios técnicos etc.
Ademais reuniranse unha vez por trimestre para recoller aquelas modificación que se deberan facer na programación, se se da o caso, do cal quedará constancia por escrito.
As unidades didácticas serán obxecto de revisión e modificación ao longo do curso.
Farase un enfoque dende unha triple perspectiva:
- Avaliación do deseño: adecuación, coherencia, flexibilidade e funcionalidade.
- Avaliación da posta en práctica: reflexión continuada sobre o desenvolvemento do proxecto.
- Avaliación do impacto producido: comprobación de aprendizaxes, viabilidade da programación para o curso.

Ao final do curso farase un seguimento onde se plasme a utilizade real , o seu carácter flexible e a intervención do profesorado do cal se sacarán as propostas de mellora para o curso seguinte, tendo en conta sempre o anteriormente relatado

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	1º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introdución

Consideramos esta programación necesaria xa que axuda a deseñar e planificar a acción docente. Isto non significa que se trate dunha programación pechada ,senón que é considerada como una guía suxeita a modificacións en función do alumnado ao que vai dirixida.
O CPR San José é un centro situado no Concello de Pontevedra, no casco vello da cidade. A maior parte do seu alumnado presenta un nivel socio-económico e cultural medio. A súa realidade lingüística é maioritariamente castelán falante. O centro conta cunha liña concertada de educación primaria e outra liña de educación infantil. Para potenciar a conciliación familiar e laboral das familias ofrece plan madruga, permanece aberto polas tardes de luns a xoves e conta con servizo de comedor.
O primeiro curso de educación primaria ao que vai dirixida esta programación está composto por 18 alumnos e alumnas.
Este curso é esencial para desenvolver as habilidades de aprendizaxe referentes a atención, memoria, razoamento e a contribuír a adquisición das competencias clave.
A nivel cognitivo encóntranse no estadio das operacións concretas, o que quere dicir que deben manipular para acadar os conceptos que lle proporcionamos. Evolucionan na función de representación, chegando a concepción de espazo e tempo. Un elemento esencial é o desenvolvemento da linguaxe que lles permitirá ir estruturando o pensamento.
A nivel físico-motor forman a súa propia imaxe corporal a través da interacción co seu entorno. Teñen un gran dominio da motricidade grosa, dos desprazamentos e da marcha, será neste ciclo no que desenvolvan os aspectos relacionados coa motricidade fina, o seu esquema corporal e a lateralidade.
A nivel socio afectivo consolidan a súa identidade, abandonan o egocentrismo propio da etapa anterior grazas a relación cos compañeiros/as. Desenvolven sentimentos de empatía, tolerancia e respecto, que lles permitirán dominar os hábitos sociais básicos e as normas de convivencia.
A área de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado en galego no que a literatura vai ter un valor significativo. O currículo organízase ao redor das estratexias relacionadas con falar, escoitar, ler e escribir en lingua galega para permitir ao alumnado responder os retos da sociedade do século XXI. Deste xeito, a aprendizaxe de Lingua Galega e Literatura debe entenderse como un proceso cuxo fin é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz e ética.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lectoescritura.	Neste bloque preténdese que as alumnas e os alumnos mostren interese por facer un uso correcto da lingua galega oral e escrita e pola lectura de textos de literatura infantil. Préstase especial atención a que lean e comprendan textos escritos adecuados ao seu nivel, procurando que ao ler en voz alta poñan interese na pronuncia, na entoación e no ritmo correctos. Valórase a realización de razoamentos sinxelos e a exposición de conclusións a partir da lectura de textos adecuados ao seu nivel.	20	28	X		
2	Comunicación oral.	Este bloque pon o acento nas situacións de comunicación que teñen lugar no ámbito cotián das nenas e os nenos e ás que se achegan desde o punto de vista da lingua galega. Préstase atención á expresión das emocións e á interacción coas persoas da contorna vertebran, presentando un gran número de facetas para a expresión e a reflexión sobre o intercambio comunicativo.	22	29	X	X	X
3	Competencia lectora.	O eixo deste bloque é a lectura de textos literarios desde varios puntos de vista: a comprensión, a valoración, o gozo e o interese por explorar a creación literaria. Exponse actividades para a reflexión e a práctica da lectura expresiva, presentando	28	39	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Competencia lectora.	textos literarios en diferentes ámbitos da vida cotiá e poñendo o acento na creatividade e nos diferentes modos de entender os distintos tipos de lectura, segundo vanse desenvolvendo os gustos literarios.	28	39	X	X	X
4	Escritura.	Este bloque pon a énfase no desenvolvemento da capacidade de expresión a través da linguaxe escrita e o coñecemento das normas básicas de ortografía a partir de actividades motivadoras que dan valor e sentido ás letras que nos rodean. Valórase a aprendizaxe da linguaxe escrita a través da expresión e a interacción, prestando atención ao valor da comunicación e dos diferentes medios comunicativos do pasado e da actualidade. Para iso se parte da contorna social máis próximo ao alumnado para favorecer o desenvolvemento da escritura e a construción de aprendizaxes funcionais próximas á súa realidade.	22	30	X	X	X
5	Obradoiro de xogos.	O conxunto deste bloque de actividades céntrase na adquisición e o afianzamento de multitude de contidos da lingua a partir da realización de actividades lúdicas. De forma transversal, o alumnado vai desenvolver o seu pensamento lóxico, diversas destrezas cognitivas, as habilidades sociais e a súa capacidade de decisión e acción. Trátase de sentar a base para promover o interese e o gusto pola lingua e a literatura galega.	8	14	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lectoescritura.	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Emprega a rutina do pensamento para deducir o contido do texto proposto.	PE	10
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	90
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando a información relevante do texto.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai predicciónes sobre o tema principal a partir do título e ilustracións dun texto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coñecer as regras de ortografía.		
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Iniciase na producción de textos sinxelos con coherencia e coidando a presentación.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Iníciase na lectura de textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando e lendo textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Esfórzase por intentar mellorar o seu vocabulario galego nas producciónes orais e escritas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...). - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas).

Contidos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións. - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega. - Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
2	Comunicación oral.	29

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Comprende con apoio as ideas principais dun texto informativo.	PE	26
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Identifica con axuda as ideas principais dun texto informativo.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia, a partir da observación, comparación e transformación de palabras nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Recoñece distintos tipos de palabras e enunciados atendendo a súa concordancia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece as persoas que falan en galego a maiores do cole.	TI	74
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Utiliza un vocabulario cada vez máis rico para elaborar o seu discurso.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce adiviñas de xeito oral e con sentido.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Elabora con axuda un pequeno texto.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coa perspectiva de xénero.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións do demais sen interromper.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua coa outra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística no contexto escolar e familiar. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).

Contidos
- Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos en lingua galega axeitados a súa idade (normas, contos...). - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade. - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. - Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. - Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos. - Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios, e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Procesos: produción oral - Creación de textos orais básicos nos que utilicen unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais sinxelos. - Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe. - Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.

UD	Título da UD	Duración
3	Competencia lectora.	39

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta un recoñecemento social equilibrado das dúas linguas oficiais.	Recoñece o galego como unha lingua ofiacial de Galicia.	TI	100
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Coñece o funcionamento da biblioteca de aula e de centro e colabora no seu coidado.		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Comeza a seleccionar textos do seu interese.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa nas lecturas compartidas propostas pola biblioteca do centro.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Iníciase na lectura de textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Disfuta das lecturas compartidas pola biblioteca do centro.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.	Desfruta e valora os diferentes tipos de contos e fábulas.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartida.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca do centro.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado, e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Participa activamente nas lecturas dramatizadas.		
CA5.6 - Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Desfruta escoitando e lendo textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndoas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Aporta algunha lenda que coñece o seu ámbito familiar.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Esfórzase por intentar mellorar o léxico galego nas producciónns orais e escritas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.

Contidos
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas. - Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información. - Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas. - Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil, especialmente en lingua galega, adecuadas aos seus intereses. - Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento. - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar. - Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. - Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos en galego e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal. - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. - Creación de breves relatos e contos infantís en galego, a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación. - Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas. - Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación. - Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
4	Escritura.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Ler textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade e identificando a información relevante do texto.	PE	34
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Inicio na producción de textos escritos sinxelos con coherencia e coidando a presentación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística, usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as instruccións traballadas.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai predicciónes sobre o tema principal a partir do título e ilustracións.	TI	66
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión e comprende o sentido global do texto.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Emprega a rutina de pensamento vexo, penso e me pregunto para deducir o contido do texto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coida , conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Emprega unha lingua non sexista.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios, identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais e coa perspectiva de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos, en lingua galega, axeitados a súa idade (normas, contos...). - Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).

Contidos
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas). - Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións. - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos en lingua galega. - Valoración da lectura de textos sinxelos, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente a expresividade. - Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel. - Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social. - Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita en lingua galega. - Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Iniciación nas regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.

UD	Título da UD	Duración
5	Obradoiro de xogos.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Elaborar, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos, en lingua galega, propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Inicio na producción de textos escritos sinxelos con coherencia e coidando a presentación.	PE	22
CA6.2 - Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Escribe pequenos textos propostos con axuda de autoinstrccións..		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	78
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, en especial os relacionados co galego/castelán, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística das dúas linguas.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce un pequeno refrán con axuda visual de imaxes.		
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Elabora con axuda algunha norma de aula.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil e identificar o sentido global do texto.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade e identifica a información relevante do texto.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Emprega a rutina de pensamento vexo, penso e me pregunto para deducir o contido do texto.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías de forma acompañada, para a localización e selección de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Expón a información recollida sobre un anuncio publicitario referentes a lugares de destinos vacacionais.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas.	Iníciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura de información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. - Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, de xeito acompañado, que estimulen o seu interese e gustos. - Procesos: produción oral - Creación de textos orais básicos nos que utilicen unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Interese por expresarse oralmente cunha pronuncia e unha entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Procesos: produción escrita - Iniciación na produción de textos escritos básicos en galego a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. - Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de fontes sinxelas. - Modelos explícitos para comunicar a información. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como establece o currículo, partiremos dos centros de interese do alumnado para que poidan conectar a aprendizaxe en clase cos seus contextos cotiáns, é dicir, conseguir a transferencia das aprendizaxes. Deste xeito, cada alumno e alumna é protagonista da súa propia aprendizaxe.
Realizarase unha planificación baseada no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) xa que cada alumno e alumna ten os seus intereses, as súas motivacións e as súas propias formas e ritmos de aprendizaxe. Non hai dous alumnos e alumnas iguais, polo que ofreceremos recursos en formatos diversos, actividades con distintos niveis de profundización e exemplificaremos as explicacións con exemplos escritos, visuais, audiovisuais e cinestésicos. Non haberá unha única forma de facer as tarefas, de presentar os saberes nin de desenvolver as competencias. Cada un seguirá un mesmo camiño pero transitarao da forma máis adecuada para eles e a súa experiencia de aprendizaxe.

O enfoque metodolóxico que recolle a nosa proposta curricular organizarase en tres grandes bloques:

MODELOS METODOLÓXICOS
Refírense aos diferentes contextos de ensinanza e aprendizaxe que se poden dar na aula. Non son excluíntes entre si, pois nun mesmo escenario, pódense dar simultaneamente dous ou máis de eles, para complementar e enriquecer a

experiencia educativa. Serán o seguintes:
- Modelo discursivo e/ou expositivo.
- Modelo experimental.
- Obradoiros.
- Aprendizaxe cooperativa.
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
Pódense definir como o conxunto de condicións que marcan a dirección que deben seguir as actividades para obter o maior rendemento posible en cada tarefa. Como no caso anterior, os elementos que forman parte deste bloque compleméntanse. Serán os seguintes:
- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Atención individualizada
- Atención á diversidade.
- Inclusión.
- Interacción.
- Aprendizaxe.
- Funcionalidade.
- Globalización.
- Avaliación formativa.
- Outros.

AGRUPAMENTO
É un valor metodolóxico fundamental, que enriquece o desenvolvemento das tarefas. Permite que o alumnado aprenda a flexibilizar os seus procesos de traballo e a asumir as responsabilidades persoais e grupais, en función do tipo de tarefa, do grupo que a estea realizando e dos obxectivos que se persigan. Serán os seguintes:
- Tarefas individuais.
- Agrupamento flexible.
- Distribución por parellas.
- Pequeno grupo.
- Gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material impreso: libros de texto.
-Material funxible: inclúe o material solicitado ao alumnado ao principio de curso e o proporcionado polo centro.
-Material visual: vídeos, proxeccións, trípticos, fotografias, encerado, carteis, folletos, etc.
-Material informático: ordenador, programas, internet, pizarra dixital e proxector.
-Material manipulativo: dominós, xogos didácticos, crebacabezas, etc.

Procurarase o uso de grande variedade de materiais e recursos (impresos e manipulativos), considerando especialmente, na medida das posibilidades do centro, a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais. Igualmente procurarase o aproveitamento dos recursos propios da contorna .Empregaranse diferentes tipos de materiais, adaptados aos

distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso.
Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado na área de Lingua Galega e Literatura.
Para obter dita información ,podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: probas de avaliación inicial, traballos individuais e/ou grupais.
A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**22**	**28**	**22**	**8**	**100**
Proba escrita	10	26	0	34	22	**17**
Táboa de indicadores	90	74	100	66	78	**83**

Criterios de cualificación:

Os procedementos que empregaremos para a avaliación serán os seguintes:
- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas, especialmente das que aporten algunha clase de información relevante para a avaliación.
- Valoración cuantitativa e/ou cualitativa do traballo individual e colectivo, a medida que se van desenvolvendo os Bloques de Contidos específicos de cada materia.
- Análise dos resultados, para saber se o alumnado/grupo alcanza os criterios de avaliación establecidos.
- Información e orientación ao alumnado e as familias dos resultados do proceso.
- Introdución de novas estratexias que permitan superar as dificultades atopadas.

Para captar en toda a súa globalidade e dinamismo o progreso do alumnado, empregaremos técnicas cuantitativas e cualitativas (entendemos como técnica de avaliación calquera instrumento, situación ou recurso que se utilice para obter información sobre a marcha do proceso).
Procuraremos que as cuestións (preguntas, problemas, categorías, ítems, condutas, exercicios) formuladas para recoller a información, sexan significativas dos contidos, representativas do traballo realizado, claras na súa redacción e variadas en canto á diferenciación cognitiva que se pretende (memoria, comprensión, aplicación, análise, síntese ou valoración). A continuación, citamos as que consideramos máis axeitadas para este nivel, aínda que poderemos utilizar outras, se o consideramos oportuno:
- A observación directa das actividades de aula.
- A carpeta de fichas e/ou caderno individual.
- As producións orais e /ou artísticas e/ou en soporte informático.
- Probas específicas de avaliación de competencias.

Os criterios para a área de Lingua Galega e Literatura son o seguintes:
- Análise das producións dos alumnos/as: 60%
- Intercambios orais cos alumnos/as: 20%
- Observación sistemática: 20%

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:
* 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está.
* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.
Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Este modelo permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).
Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido e a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias. Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.
As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado..
A continuación, recóllense as diferentes medidas e actuacións que se van levar a cabo.

A) Reforzo educativo nas áreas instrumentais.
Traballarase no primeiro trimestre a lectura (destreza lectora, comprensión, entoación,...) con todo o grupo, nos outros trimestres reforzarase aquel alumnado que presente un ritmo de aprendizaxe máis lento ou amosen algunhas dificultades na adquisición dos obxectivos propostos especialmente nas áreas de lingua e matemáticas.

B) Alumnado cun ritmo lento de aprendizaxe.
Tomaranse as seguintes medidas:
- Propor actividades variadas con distintos niveis de dificultade, estimulantes, motivadoras, integradas nas actividades que se realizan co resto do grupo.
- Reforzo educativo por parte da titora.
- Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar, contribuíndo a mellora da motivación do alumnado
- Adaptar as actividades ao seu nivel.

- Emprego de metodoloxías inclusivas e axuda entre o alumnado, mediante a titoría entre iguais (TEI).
- Intervención, se fose preciso, da mestra de A.L. e P.T.

C) Alumnado cun ritmo rápido de aprendizaxe.
- Planificar actividades de afondamento/ampliación, é dicir, cun nivel maior de complexidade con respecto ás dos seus compañeiros.
- Propor actividades nas que ampliamos o contido.
- Organizar algunha actividade onde este alumnado comparta os seus intereses ou a ampliación dalgún contido cos compañeiros e compañeiras.
- Darlle a oportunidade de ser alumnos titores de compañeiros máis lentos (titoría entre iguais).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X			X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade.		X		X	X
ET.6 - Emprendemento.					X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflictos.	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X

Observacións:
Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. A área de Lingua Galega e Literatura será un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.
Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita, a educación para a paz e a educación emocional estarán presentes ao longo de todos os bloques de contidos. Por outra banda, elementos transversais como a creatividade e o emprendemento, serán abordados en bloques concretos.

Evitarase na clase os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao mercado.	Aproveitaremos esta saída para traballar o vocabulario relacionado e a expresión oral.			
Saídas culturais.	Visita a un museo, exposicións, teatro...			
Saídas á contorna.	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.			
Conmemoracións.	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Internacional da Muller, Día da Paz...			
Actividades deportivas.	Como parte do programa Xogade realizaranse diferentes actividades deportivas tipo iniciación ao balonmano, cross...			
Poxecto De Vida Activa e Saudable	Forma parte do Proxecto Interdisciplinar de Centro no que se traballará durante todo o curso diferentes actividades entre as que podemos destacar a semana da froita,			

Observacións:

As actividades extraescolares e complementarias terán en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.
Ao tempo fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.
O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.
Ademais das conmemoracións habituais, sinaladas no calendario escolar, realizaranse as actividades que os equipos docentes deseñen no momento oportuno e que servirán para o desenvolvemento das competencias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos¿) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula.
Conseguiuse a participación activa do alumnado.
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.
A secuenciación dos estándares favoreceu a súa correcta adquisición.
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Os recursos foron diversos, variados, e adaptados ás características do alumnado.

Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.
Utilizouse de forma eficaz as TIC nos procesos de ensino- aprendizaxe.
Mantívose un clima na aula no que os alumnos se sintan seguros, con confianza, motivados e usando a disciplina e liberdade en función da vida da aula.
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos e agrupamentos(traballo cooperativo, en grupo, parellas).

Descrición:

Avaliar a nosa práctica docente tanto a nivel individual como de forma grupal, a través de reunións e postas en común é unha posibilidade de mellora das nosas función como mestres/as.
Para dito fin, terase en conta os indicadores de logro citados neste apartado. A súa consecución medirase en: sempre, habitualmente, as veces ou nunca.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada, a través da aplicación PROENS, co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento dos diferentes Bloques e ao remate dos mesmos, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, ca finalidade de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introdución

Consideramos esta programación necesaria xa que axuda a deseñar e planificar a acción docente. Isto non significa que se trate dunha programación pechada ,senón que é considerada como una guía suxeita a modificacións en función do alumnado ao que vai dirixida.
O CPR San José é un centro situado no Concello de Pontevedra, na zona vella da cidade. A maior parte do seu alumnado presenta un nivel socio-económico e cultural medio. A súa realidade lingüística é maioritariamente castelán falante.
O centro conta cunha liña concertada de educación primaria e outra liña de educación infantil. Para potenciar a conciliación familiar e laboral das familias o centro ofrece plan madruga, permanece aberto polas tardes de luns a xoves e conta con servicio de comedor.
O primeiro curso de educación primaria ao que vai dirixida está composto por 18 alumnos e alumnas.
Este curso é esencial para desenvolver as habilidades de aprendizaxe referentes a atención, memoria, razoamento e a contribuír a adquisición das competencias clave.
A nivel cognitivo encóntranse no estadio das operacións concretas, o que quere dicir que deben manipular para acadar os conceptos que lle proporcionamos. Evolucionan na función de representación, chegando a concepción de espazo e tempo. Un elemento esencial é o desenvolvemento da linguaxe que lles permitirá ir estruturando o pensamento.
A nivel físico-motor forman a súa propia imaxe corporal a través da interacción co seu entorno. Teñen un gran dominio da motricidade grosa, dos desprazamentos e da marcha. Será neste ciclo no que desenvolvan os aspectos relacionados coa motricidade fina, o seu esquema corporal e a lateralidade.
A nivel socio afectivo consolidan a súa identidade, abandonan o egocentrismo propio da etapa anterior grazas a relación cos compañeiros/as. Desenvolven sentimentos de empatía, tolerancia e respecto, que lles permitirán dominar os hábitos sociais básicos e as normas de convivencia.
Na área de matemáticas procuraremos alcanzar, desde unha perspectiva inclusiva, o desenvolvemento máximo das potencialidades de todo o alumnado. Abordaremos a práctica de tal xeito que permita conectar as aprendizaxes a adquirir polo alumnado co seu contexto próximo, dándolle especial importancia á manipulación e a experimentación co fin de adquirir, entre outras, actitudes de perseveranza, colaboración, reflexión e exploración.
A resolución de problemas e as destrezas socioemocionais constituirán os eixes fundamentais da aprendizaxe das matemáticas, dándolle especial importancia no traballo diario na aula.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os números.	Neste bloque o alumnado apreciará a importancia da numeración matemática en situacións diarias a través da realización de actividades baseadas no cálculo. Comprenderán as aplicacións prácticas que	25	43	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os números.	as matemáticas teñen na nosa vida cotiá e familiarizaranse co cálculo dos números do 1 ao 100. Desta maneira, o alumnado traballará de forma significativa a numeración natural, facendo énfase nas cifras veciñas e o concepto de números ordinais a través da numeración de elementos que se atopan na súa contorna.	25	43	X	X	X
2	Cálculo mental e operacións.	Este bloque céntrase no cálculo mental de sumas empregando os números do 0 ao 100 facendo fincapé na súa utilidade por aplicalo a situacións cotiás. Ímonos centrar en actividades lúdicas e de utilidade na súa contorna, para que asocien as matemáticas coa vida cotiá e a importancia do cálculo mental en determinadas situacións.	20	39	X	X	X
3	Resolución de problemas.	Neste bloque abordarase o recoñecemento de datos e a identificación das preguntas dos problemas para chegar á súa resolución mediante a representación gráfica dos datos, a obtención de datos dunha imaxe, etc. Require especial atención as estratexias para a elección das operacións necesarias para resolver as cuestións, a análise e a comprobación dos resultados.	20	38	X	X	X
4	A medida.	Neste bloque trataranse conceptos básicos relacionados coa medida e a vida cotiá do alumnado, tales como: o manexo do diñeiro; o uso práctico dun calendario anual e a súa relación coas estacións; o emprego de obxectos de medida para calcular lonxitudes de obxectos cotiáns; a resolución de problemas de lonxitude, peso e capacidade en situacións sinxelas, etc.	20	35	X	X	X
5	A xeometría.	Neste bloque traballaranse as posicións no espazo empregando obxectos cotiáns e a representación de liñas de diferentes tipos. Identificaranse figuras planas en elementos da contorna e situacións relacionadas coa orientación espacial, as táboas de datos e os gráficos.	15	20	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os números.	43

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Propoñer posibles solucións aos problemas antes de realizar os cálculos necesarios.	PE	30
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Describir e resolver paso a paso actividades matemáticas relacionadas coa vida cotiá.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas de diferentes xeitos.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo.	TI	70
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Comprender as preguntas expostas identificando a información en problemas da vida cotiá.		
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establecer conexións sinxelas entre as matemáticas e as situacións da vida cotiá.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Utilizar vocabulario matemático básico na vida cotiá.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expoñer oralmente procesos matemáticos sinxelos.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer a satisfacción emocional que se sinte ao resolver situacións matemáticas novas.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da

Contidos
- representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Relacións - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás. - Patróns - Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás. - Pensamento computacional - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas. - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción¿ - Crenzas, actitudes e emocións - Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas. - Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
2	Cálculo mental e operacións.	39

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utilizar exemplos de representacións sinxelas como axuda para a resolución de problemas da vida cotiá.	PE	40
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utilizar exemplos de representacións sinxelas como axuda na resolución de problemas da vida cotiá.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Solucionar problemas de diferentes xeitos.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Resolver problemas coas estratexias adecuadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar e comprender a información reflectida nos problemas da vida cotiá.	TI	60
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer a satisfacción emocional que se sinte ao resolver situacións matemáticas novas.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre distintos elementos matemáticos.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expoñer oralmente os pasos a seguir na resolución de problemas.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establecer conexións sinxelas entre as matemáticas e situacións cotiás.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada. - Modelo matemático

Contidos
- Relacións e funcións - Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?. - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto. - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción¿ - Crenzas, actitudes e emocións - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.

UD	Título da UD	Duración
3	Resolución de problemas.	38

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Solucionar problemas de xeitos diferentes.	PE	24
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Resolver problemas coas estratexias adecuadas.		
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo	TI	76
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas matemáticas sinxelas.		
CA1.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expoñer oralmente os pasos seguidos na resolución de problemas.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar e comprender a información reflectida nos problemas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Pedir axuda só cando sexa necesario ao abordar novos retos.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre distintos elementos matemáticos.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establecer conexións sinxelas entre as matemáticas e situacións da vida cotiá.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expoñer oralmente os pasos seguidos na resolución de problemas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cálculo
- Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos.
- Cantidade
- Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiáns con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.
- Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá.
- Sentido das operacións.
- Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.
- Relacións
- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Patróns
- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.
- Relacións e funcións
- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.
- Pensamento computacional

Contidos
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas. - Organización e análise de datos - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos. - Incerteza - Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián. - Crenzas, actitudes e emocións - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.

UD	Título da UD	Duración
4	A medida.	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Resolver problemas coas estratexias adecuadas.	PE	38
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Solucionar problemas de xeitos diferentes.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre distintos elementos matemáticos.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utilizar exemplos de representacións sinxelas como axuda na resolución de problemas da vida cotiá.		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo.	TI	62
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Responder, de xeito oral, as preguntas plantexadas sobre as solucións dos problemas.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Utilizar vocabulario matemático básico en situacións da vida cotiá.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expoñer oralmente os pasos a seguir na resolucións de problemas.		
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar e comprender a información reflectida nos problemas.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Educación financeira - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE. - Magnitude - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo. - Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial. - Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais. - Construción do calendario para a compresión das conexións entre diferentes unidades de tempo. - Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma). - Medición - Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá. - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades. - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.

Contidos
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Patróns - Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás. - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción¿ - Incerteza - Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián. - Crenzas, actitudes e emocións - Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
5	A xeometría.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Utilizar exemplos de representacións sinxelas como axuda na resolución de problemas da vida cotiá.	PE	20
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Solucionar problemas de xeitos diferentes.		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo.	TI	80
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Propoñer posibles solucións aos problemas antes de realizar os cálculos necesarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Inventar e resolver paso a paso actividades matemáticas relacionadas coa vida cotiá.		
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre distintos elementos matemáticos.		
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Establecer conexións sinxelas entre as matemáticas e as situacións da vida cotiá.		
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Utilizar vocabulario matemático básico en situacións da vida cotiá.		
CA3.7 - Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Expoñer oralmente os pasos a seguir na resolución de problemas.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Pedir axuda só cando sexa necesario ao abordar novos retos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas.
- Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices).
- Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras...
- Localización e sistemas de representación
- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.
- Patróns
- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.

Contidos
- Crenzas, actitudes e emocións - Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas. - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como establece o currículo, partiremos dos centros de interese do alumnado para que poidan conectar a aprendizaxe en clase cos seus contextos cotiáns, é dicir, conseguir a transferencia das aprendizaxes. Desta maneira, cada alumno/a é protagonista da súa propia aprendizaxe.
Realizarase unha planificación baseada no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) xa que cada alumno/a ten os seus intereses, as súas motivacións e as súas propias formas e ritmos de aprendizaxe. Non hai dous alumnos e alumnas iguais, polo que ofreceremos recursos en formatos diversos, actividades con distintos niveis de profundización e exemplificaremos as explicacións con exemplos escritos, visuais, audiovisuais e cinestésicos. Non haberá unha única forma de facer as tarefas, de presentar os saberes nin de desenvolver as competencias. Cada un seguirá un mesmo camiño pero transitarao da forma máis adecuada para eles e a súa experiencia de aprendizaxe.

O enfoque metodolóxico que recolle a nosa proposta curricular organizarase en tres grandes bloques:

MODELOS METODOLÓXICOS
Refírense aos diferentes contextos de ensinanza e aprendizaxe que se poden dar na aula. Non son excluíntes entre si, pois nun mesmo escenario, pódense dar simultaneamente dous ou máis de eles, para complementar e enriquecer a experiencia educativa. Serán o seguintes:
- Modelo discursivo e/ou expositivo.
- Modelo experimental.
- Obradoiros.
- Aprendizaxe cooperativa.
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
Pódense definir como o conxunto de condicións que marcan a dirección que deben seguir as actividades para obter o maior rendemento posible en cada tarefa. Como no caso anterior, os elementos que forman parte deste bloque compleméntanse. Serán os seguintes:
- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Atención individualizada
- Atención á diversidade.
- Inclusión.
- Interacción.
- Aprendizaxe.
- Funcionalidade.
- Globalización.
- Avaliación formativa.
- Outros.

AGRUPAMENTO
É un valor metodolóxico fundamental, que enriquece o desenvolvemento das tarefas. Permite que o alumnado aprenda a flexibilizar os seus procesos de traballo e a asumir as responsabilidades persoais e grupais, en función do tipo de tarefa, do grupo que a estea realizando e dos obxectivos que se persigan. Serán os seguintes:
- Tarefas individuais.
- Agrupamento flexible.
- Distribución por parellas.
- Pequeno grupo.
- Gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material impreso: libros de texto, fotocopias e biblioteca de aula.
-Material funxible: inclúe o material solicitado ao alumnado ao principio de curso e o proporcionado polo centro.
-Material visual: vídeos, proxeccións, trípticos, fotografias, encerado, carteis, folletos, etc.
-Material informático: ordenador, programas, internet, pizarra dixital e proxector.
-Material manipulativo: balanza numérica, dominós, xogos didácticos, crebacabezas, etc.

Procurarase o uso de grande variedade de materiais e recursos (impresos e manipulativos), considerando especialmente, na medida das posibilidades do centro, a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais. Igualmente procurarase o aproveitamento dos recursos propios da contorna .Empregaranse diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de aprendizaxe.

.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso.
Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Matemáticas.
Para obter dita información ,podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: probas de avaliación inicial, caderno de benvida, traballos individuais e/ou grupais.
A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**25**	**20**	**20**	**20**	**15**	**100**
Proba escrita	30	40	24	38	20	**31**
Táboa de indicadores	70	60	76	62	80	**69**

Criterios de cualificación:

Os procedementos que empregaremos para a avaliación serán os seguintes:
- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas, especialmente das que aporten algunha clase de información relevante para a avaliación.
- Valoración cuantitativa e/ou cualitativa do traballo individual e colectivo, a medida que se van desenvolvendo os Bloques de Contidos
específicos de cada materia.
- Análise dos resultados, para saber se o alumnado/grupo alcanza os criterios de avaliación establecidos.
- Información e orientación ao alumnado e as familias dos resultados do proceso.
- Introdución de novas estratexias que permitan superar as dificultades atopadas.

Para captar en toda a súa globalidade e dinamismo o progreso do alumnado, empregaremos técnicas cuantitativas e cualitativas (entendemos como técnica de avaliación calquera instrumento, situación o recurso que se utilice para obter información sobre a marcha do proceso).
Procuraremos que as cuestións (preguntas, problemas, categorías, ítems, condutas, exercicios) formuladas para recoller a información, sexan significativas dos contidos, representativas do traballo realizado, claras na súa redacción e variadas en canto á diferenciación cognitiva que se pretende (memoria, comprensión, aplicación, análise, síntese ou valoración). A continuación, citamos as que consideramos máis axeitadas para este nivel, aínda que poderemos utilizar outras, se o consideramos oportuno:
- A observación directa das actividades de aula.
- Portfolio, coa colección de producions gráficas do alumnado,
- As producións orais e /ou artísticas e/ou en soporte informático.
- Lista de cotexo e taboas de indicadores.
- Probas específicas para a avaliación dos bloques de contidos.

Os criterios para a área de Matemáticas son o seguintes:
- Análise das producións dos alumnos/as: 60%
- Intercambios orais cos alumnos/as: 10%
- Observación sistemática: 30%

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:
* 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está.
* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas

avaliacións previas.
Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Este modelo permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).
Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido e a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias. Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.
As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado..
A continuación, recóllense as diferentes medidas e actuacións que se van levar a cabo.

A) Reforzo educativo nas áreas instrumentais.
Traballarase no primeiro trimestre a lectura (destreza lectora, comprensión, entoación,...) con todo o grupo, nos outros trimestres
reforzarase aquel alumnado que presente un ritmo de aprendizaxe máis lento ou amosen algunhas dificultades na adquisición dos
obxectivos propostos especialmente nas áreas de lingua e matemáticas.

B) Alumnado cun ritmo lento de aprendizaxe.
Tomaranse as seguintes medidas:
- Propor actividades variadas con distintos niveis de dificultade, estimulantes, motivadoras, integradas nas actividades que se realizan
co resto do grupo.
- Reforzo educativo por parte da titora.
- Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar, contribuíndo a mellora da motivación do alumnado
- Adaptar as actividades ao seu nivel.
- Emprego de metodoloxías inclusivas e axuda entre o alumnado, mediante a titoría entre iguais (TEI).
- Intervención, se fose preciso, da mestra de A.L. e P.T.

C) Alumnado cun ritmo rápido de aprendizaxe.
- Planificar actividades de afondamento/ampliación, é dicir, cun nivel maior de complexidade con respecto ás dos seus compañeiros.
- Propor actividades nas que ampliamos o contido.
- Organizar algunha actividade onde este alumnado comparta os seus intereses ou a ampliación dalgún contido cos compañeiros e
compañeiras.
- Darlle a oportunidade de ser alumnos titores de compañeiros máis lentos (titoría entre iguais).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X	X		
ET.5 - Creatividade.	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico.	X		X		
ET.7 - Emprendemento.		X			X
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflictos.	X	X	X	X	X
ET.10 - Consumo responsable .				X	
ET.11 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. As Matemáticas serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita, a educación para a paz e a educación emocional estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o consumo responsable ou o emprendemento, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

Evitarase na clase os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao mercado.	Aproveitaremos para traballar o concepto de "caro " e "barato" así como a estimación dos prezos dos alimentos.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais.	Visita a un museo, exposicións...			
Saídas á contorna.	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos.			
Conmemoracións.	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Internacional da Muller, Día da Paz...			
Actividades deportivas.	Como parte do programa Xogade realizaranse diferentes actividades deportivas tipo iniciación ao balonmano, cross...			
Poxecto De Vida Activa e Saudable	Forma parte do Proxecto Interdisciplinar de Centro no que se traballará durante todo o curso diferentes actividades entre as que podemos destacar a semana da froita,			

Observacións:

As actividades extraescolares e complementarias terán en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.
Ao tempo fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.
O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.
Ademais das conmemoracións habituais, sinaladas no calendario escolar, realizaranse as actividades que os equipos docentes deseñen no momento oportuno e que servirán para o desenvolvemento das competencias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos¿) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula.
Conseguiuse a participación activa do alumnado.
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.
A secuenciación dos estándares favoreceu a súa correcta adquisición.
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Os recursos foron diversos, variados, e adaptados ás características do alumnado.
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.
Utilizouse de forma eficaz as TIC nos procesos de ensino- aprendizaxe.

Mantívose un clima na aula no que os alumnos se sintan seguros, con confianza, motivados e usando a disciplina e liberdade en función da vida da aula.
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos, agrupamentos(traballo cooperativo, en grupo, parellas).

Descrición:

Avaliar a nosa práctica docente tanto a nivel individual como de forma grupal, a través de reunións e postas en común é unha posibilidade de mellora das nosas función como mestres/as.
Para dito fin, terase en conta os indicadores de logro citados neste apartado. A súa consecución medirase en: sempre, habitualmente, as veces ou nunca.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada, a través da aplicación PROENS, co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento dos diferentes Bloques de contidos e ao remate dos mesmos, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	1º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

1. Introdución

A área de Música e Danza desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa.
Reflexiva en canto o alumnado debe ser partícipe da comprensión da cultura na que vive para poder dialogar con ela, elaborar criterios útiles de entendemento e gozo e desenvolver progresivamente o sentido crítico; creativa pola relevancia da valoración de producciónns culturais e artísticaas diversas que enriquezan tanto o individuo como a sociedade, xa que o diálogo intercultural e o respecto á diversidade son ferramentas poderosas para a reconciliación, a cohesión social e a cración de sociedades pacíficas.
Así mesmo, favorece a experimentación , a expresión e a producción artística. O alumnado explorará as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as distintas técnicas sonoras e corporais para a creación das súas propias propostas. É fundamental a aproximación ao traballo, tanto individual coma colectivo, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados, co obxectivo de que o alumnado investie experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área.
As disciplinas artísticas deben tratarse baixo a perspectiva de xénero, polo que cómpre incorporar e normalizar tamén a contribución das mulleres á evolución da música e da danza. Así favorecerase que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan acadar unha visión igualitaria da sociedade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O SON ACHEGAMENTO A LINGUAXE MUSICAL	O son e as súas calidades. Iniciación a linguaxe musical	40	20	X	X	X
2	MÚSICAS DO MUNDO	Achegamento a diferentes músicas do mundo partindo da música galega.	20	5	X		
3	O CORPO COMO INSTRUMENTO AGRUPACIÓNS INSTRUMENTAIS E VOCAIS	A percusión corporal. Coñecemento de instrumentos e as familias. Tipos de voces e agrupacións vocais.	20	5		X	
4	A ESCENA!	Representación e creación de obras musicais e dramatizacións.	20	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O SON ACHEGAMENTO A LINGUAXE MUSICAL	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñecer a representación no convencional do son, ruido e as calidades do son. Recoñecer as figuras negra, o seu silencio e a corchea.	PE	40
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Interpretar pequenos esquemas rítmicos coas figuras traballadas (negra, silencio de negra,corchea) Recoñecemento auditivo da escala de do.	TI	60
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participar na elaboración dun esquema rítmico ou coreografía.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Participar na interpretación dos ritmos e coreografías elaborados cos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.

UD	Título da UD	Duración
2	MÚSICAS DO MUNDO	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Recoñecer o vestiario propio da cultura galega e diferencialo dos doutros países.	PE	10
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Escoitar músicas de diferentes culturas recoñecendo como mínimo dúas diferentes.	TI	90
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Recoñecer as partes dunha cancción. Aprender unha canción popular galega e outra das traballadas doutras culturas.		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Buscar información de diferentes culturas con axuda.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identificar algús instrumentos, vestiario e música galega.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Atención e actitude positiva ante as audicións propostas.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Coñecer algunha danza popular galega e aprender a coreografía dalgún baile doutra cultura.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participar na búsqueda de información sobre distintos folklores.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Inventar unha coreografía de forma colaborativa para unha música representativa dalgunhas das culturas traballadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversió - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	O CORPO COMO INSTRUMENTO AGRUPACIÓNS INSTRUMENTAIS E VOCAIS	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Recoñecer polo m3now eouw instrumentos de cada familia e saber clasificalos dentro delas.	PE	25
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Mostrar actitude positiva nas audicións.	TI	75
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elaborar unha obra con expresión corporal, percusión corporal ou por medio de imáxenes.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Manifestar as súas emocións a través dunha interpretación co corpo ou acompañándose con distintos instrumentos de percusión.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar o traballo dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
4	A ESCENA!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Inventar un conto musicado sobre a igualdade de forma colaborativa.	TI	100
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Ter unha actitude positiva e empática cara ó traballo e interpretación dos compañeiros.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identificar o significado de polo menos unha manifestación cultural galega.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Prestar atención e saber comportarse durante unha representación.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Grabar un vídeo dunha obra creada de forma colaborativa.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respetar as propostas dos compañeiros.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explicar o proceso de creación e expresar o sentimento obtido co resultado.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Preparar un baile con coreografía ou percusión corporal		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar na interpretación do conto sobre igualdade inventado de forma colectiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

Contidos
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversió - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.
O afondamento no coñecemento dos contidos farase de xeito progresivo.
Terá moita importancia a vivencia previa na comprensión e adquisición da aprendizaxe dos elementos da linguaxe musical e do movemento.
A planificación de situacións de aprendizaxe estarán vinculadas a contextos próximos ao alumnado.
Utilizaranse recursos, soportes e contextos variados.
Poñerase énfase en que o alumnado aprenda a aprender e participe na planificación e na toma de decisións.
Os traballos realizaranse en diferentes agrupamentos: individual, parellas, pequenos e grandes grupos.
Potenciarase a expresión das emocións do alumnado e a súa autorregulación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do alumno Pantalla digital e recursos interactivos CD audiciones Tablets Teclado Instrumentos de pequena percusión

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:
-alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior

-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:
-unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/danzas/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflictida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD e coa frauta.
-unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**40**	**20**	**20**	**20**	**100**
Proba escrita	40	10	25	0	**23**
Táboa de indicadores	60	90	75	100	**77**

Criterios de cualificación:

A avalicación consistirá en probas escritas ou orais e traballos individuais do alumno sobre as unidades traballadas en cada trimestre que terán un peso na nota do 50%; así como unha táboa de rexistro no relativo a aspectos como a interpretación 30% e a participación 20% nas actividades realizadas na aula.
A nota trimestral será determinada da seguinte maneira:
1º Trimestre- UD 1 60% + UD 3 40%
2º Trimestre-UD 1 60% + UD 2 40%
3º Trimestre-UD 1 60% + UD4 40%

A nota da avaliación final será a media aritmética dos tres trimestres.
No caso de que a nota resultara con decimais, aproximarase a partir da décima 5 ó número seguinte.

Criterios de recuperación:

No caso do alumnado que non alcance os CA no final do trimestre levaránse a cabo actividades de reforzo na semana anterior a finalización do trimestre correspondente.
De non acadar os mínimos de consecución poderase recuperar cara a avaliación final a través de actiividades deseñadas para a consecución destes mínimos esixibles.

6. Medidas de atención á diversidade

Realizaranse diferentes tipos de actividades tendo en conta o ritmo de aprendizaxe do alumnado.
Por iso faranse actividades que poda realizar todo o grupo; otras como reforzo para os que o necesiten; actividades de ampliación para os máis rápidos ou de altas capacidades.
Faranse adaptacións curriculares para os alumnos de necesidades educativas especiais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemetno	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:
Os elementos transversais do 1-6 e o 9 traballaranse por medio das actividades de cada UD.

O elemento 7 traballarase coa realización dunha actividade colectiva do colexio o día da Paz e a realización dun reto no 1º trimestre consistente nuha enquisa realizada polo nenos sobre os sentimentos semellantes que produce a música inda sendo de diferentes culturas.
O elemento 8 traballarase no 2º trimestre para a concienciación sobre a importancia dos ecosistemas a través dunha paisaxe sonora; no 3º trimestre salientarase o consumo responsable e reciclaxe a través da construcción de instrumentos con materiais cotiás.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a concertos didácticos	Cada curso asistirá a algún concerto didáctico relativo as UD traballadas ao logo do curso.	X	X	X
Concerto de Nadal	Concerto do final do 1º trimestre con interpretacións musicais e teatrais do alumnado.	X		
Celebración do Día da Paz	Interpretación musical e dramatizada relativa ao tema.		X	
Conmemoración do Día das Letras Galegas	Interpretacións musicais do folklore galego.			X
Celebración fin de curso	Festa final do curso coa interpretación dunha canción con coreografía.			X

Observacións:

Cada ano os alumnos asisten fóra do centro a diversos concertos didácticos sobre a música clásica, instrumentos, folklore galego...
O longo dos tres trimestres fanse diferentes actuacións para participar nas conmemoracións do curso; no concerto de Nadal cantan diversas panxoliñas e faise tamén algunha actuación teatral; no Día das Letras Galegas interpretase diferentes cancións e bailes do folklore galego.En todas elas participa todo o alumnado do centro.
Para a celebración do final de curso o alumnado interpretará unha canciónconun unha coreografía de ritmo corporal e con letra relativa ao Proxecto de Centro, Vida e Saúde, que se levará a cabo este ano durante todo o curso sobre a vida saudable.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuose o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útiil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpriuse a temporalización inicailmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Utilizouse a metodoloxía reflectida na PD.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención a diversidade e foron efectivas.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao personal docente titor.
Apoiosu a implicación das familias no traballo do alumnado.
Outros
Máis do 80% do alumnado superou a materia.

Descrición:

No relativo a información ao docente titor farase a través da xuntanza trimestral e reflectirase na acta correspondente.

No caso da avaliación da funcionalidade, temporalización, metodoloxía e atención a diversidade farase un seguimento sobre o seu cumprimento para tomar nota das posibles variacións para a elaboración das posteriores PD.

A consecución da participación anotarase nas taboas indicadoras da aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta anlizaremos as posibles causas e propoñeremos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluir as modificacións necesarias na programación do seguinte curso.
Teremos en conta como posibles causas as seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade de ditas actividades.
- Interese e motivación do alumnado.
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía utilizada.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1ºcurso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Consideramos esta programación necesaria xa que axuda a deseñar e planificar a acción docente. Isto non significa que se trate dunha programación pechada ,senón que é considerada como una guía suxeita a modificacións en función do alumnado ao que vai dirixida.
Para a elaboración das unidades didácticas que se desenvolverán na programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
O CPR San José é un centro situado no Concello de Pontevedra, no casco vello da cidade. A maior parte do seu alumnado presenta un nivel socio-económico e cultural medio. A súa realidade lingüística é maioritariamente castelán falante. O centro conta cunha liña concertada de educación primaria e outra liña de educación infantil. Para potenciar a conciliación familiar e laboral das familias ofrece plan madruga, permanece aberto polas tardes de luns a xoves e conta con servizo de comedor.
O primeiro curso de educación primaria ao que vai dirixida esta programación está composto por 18 alumnos e alumnas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Punto de Partida: Comezamos!	Trátase dunha proposta atractiva e motivadora que provoca a curiosidade do alumnado e permite que tomen contacto cos contidos do proxecto. Igualmente exponse diferentes preguntas para detectar os coñecementos previos das alumnas e os alumnos sobre o tema do proxecto. Nesta sección anúnciase o traballo final: un evento que deberán organizar os nenos e as nenas aplicando o aprendido durante o proxecto. Ademais, aquí concrétanse os contidos que o alumnado traballará durante a súa investigación.	5	2	X		
2	Tarefas de Investigación: Somos Sherlock Holmes!	Cada unha destas tarefas céntrase nun dos ámbitos ou bloques de contidos do proxecto de etapa. Nalgunhas das tarefas proponse ao alumnado a realización dun produto intermedio (un texto escrito, un mural, unha manualidade, un esquema, etc), que poderá utilizarse no desenvolvemento do evento final. As tarefas de Investigación son: - ASÍ SOMOS. - SABEMOS O QUE SENTIMOS. - PODEMOS CONSEGUILO. - DESCUBRIMOS QUE NECESITAMOS. - CUMPLIMOS AS NORMAS. - VALORAMOS AOS DEMAIS. - COÑECÉMONOS PARA MELLORAR	75	27	X	X	X
3	Finalizamos o Proxecto: Que aprendemos?	O evento final do proxecto consistirá no desenvolvemento dunha xornada na que o alumnado porá en xogo todo o aprendido. Nesta sección ofrécense ideas e propostas para organizar esta xornada. Realizaremos un concurso voluntario: en cada diario de aprendizaxe inclúese unha proposta de concurso na que o alumnado pode participar de maneira voluntaria. Os premios entregaranse na xornada final. Para rematar a unidade avaliaremos os coñecementos adquiridos polo alumnado. Por iso, a maioría das actividades que se propoñen teñen carácter individual. Do mesmo xeito, exponse un cuestionario para que os alumnos e alumnas reflexionen sobre o traballo persoal realizado e as novas aprendizaxes adquiridas ao longo do proxecto.	20	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Punto de Partida: Comezamos!	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer de xeito global a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Coñecer posibles incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.

UD	Título da UD	Duración
2	Tarefas de Investigación: Somos Sherlock Holmes!	27

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información que se precisa		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Intentar resolver ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Finalizamos o Proxecto: Que aprendemos?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto realizado.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha boa linguaxe corporal, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como establece o currículo, partiremos dos centros de interese do alumnado para que poidan conectar a aprendizaxe en clase cos seus contextos cotiáns, é dicir, conseguir a transferencia das aprendizaxes. Desta maneira, cada alumno ou alumna é protagonista da súa propia aprendizaxe.
Realizarase unha planificación baseada no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Cada alumno ou alumna ten os seus intereses, as súas motivacións e as súas propias formas e ritmos de aprendizaxe. Non hai dous alumnos ou alumnas iguais, polo que ofreceremos recursos en formatos diversos, actividades con distintos niveis de profundización e exemplificaremos as explicacións con exemplos escritos, visuais, audiovisuais e cinestésicos. Non haberá unha única forma de facer as tarefas, de presentar os saberes nin de desenvolver as competencias. Cada un seguirá un mesmo camiño pero transitarao da forma máis adecuada para eles e a súa experiencia de aprendizaxe.
O enfoque metodolóxico que recolle a nosa proposta curricular organizarase en tres grandes bloques:
MODELOS METODOLÓXICOS
Refírense aos diferentes contextos de ensinanza e aprendizaxe que se poden dar na aula. Non son excluíntes entre si, pois nun mesmo escenario, pódense dar simultaneamente dous ou máis de eles, para complementar e enriquecer a experiencia educativa. Serán o seguintes:
- Modelo discursivo e/ou expositivo.
- Modelo experimental.
- Obradoiros.
- Aprendizaxe cooperativa.
- Traballo por tarefas.
- Traballo por proxectos.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS
Pódense definir como o conxunto de condicións que marcan a dirección que deben seguir as actividades para obter o maior rendemento posible en cada tarefa. Como no caso anterior, os elementos que forman parte deste bloque compleméntanse. Serán os seguintes:
- Actividade e experimentación.
- Participación.
- Motivación.
- Atención individualizada
- Atención á diversidade.
- Inclusión.
- Interacción.
- Aprendizaxe.
- Funcionalidade
- Globalización.
- Avaliación formativa.
- Outros

AGRUPAMENTO
É un valor metodolóxico fundamental, que enriquece o desenvolvemento das tarefas. Permite que o alumnado aprenda a flexibilizar os seus procesos de traballo e a asumir as responsabilidades persoais e grupais, en función do tipo de tarefa, do grupo que a estea realizando e dos obxectivos que se persigan. Serán os seguintes:
- Tarefas individuais.
- Agrupamento flexible.
- Distribución por parellas.
- Pequeno grupo.
- Gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Material impreso: libros de texto.
- Material funxible: inclúe o material solicitado ao alumnado ao principio de curso e o proporcionado polo centro.
- Material visual: vídeos, proxeccións, trípticos, fotografias, encerado, carteis, folletos, etc.
- Material informático: ordenador, programas, internet, pizarra dixital e proxector.
- Material manipulativo: xogos didácticos, contos, etc.

Procurarase o uso de grande variedade de materiais e recursos (impresos e manipulativos), considerando especialmente, na medida das posibilidades do centro, a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais. Igualmente procurarase o aproveitamento dos recursos propios da contorna .Empregaranse diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe do alumnado, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso. Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado. Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais.
A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**75**	**20**	**100**
Táboa de indicadores	100	100	100	**100**

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.
No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas

de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, lapbooks, traballos en grupo, individuais, realización de proxectos, etc.

Os criterios para a área de Proxecto Competencial son o seguintes:
- Análise das producións dos alumnos/as: 50%
- Intercambios orais cos alumnos/as: 20%
- Observación sistemática: 30%

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas: 1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).
5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)
Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas para calificar ao alumnado. A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.
Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.
Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Este modelo permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos).
Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optarase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido e a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias. Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.
As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.
A continuación, recóllense as diferentes medidas e actuacións que se van levar a cabo

A) Reforzo educativo nas áreas instrumentais.
Traballarase no primeiro trimestre a lectura (destreza lectora, comprensión, entoación,...) con todo o grupo, nos outros trimestres reforzarase aquel alumnado que presente un ritmo de aprendizaxe máis lento ou amosen algunhas dificultades na adquisición dos obxectivos propostos especialmente nas áreas de lingua e matemáticas.

B) Alumnado cun ritmo lento de aprendizaxe.
Tomaranse as seguintes medidas:
- Propor actividades variadas con distintos niveis de dificultade, estimulantes,motivadoras, integradas nas actividades que se realizan co resto do grupo.

- Reforzo educativo por parte da titora.
- Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar, contribuíndo a mellora da motivación do alumnado
- Adaptar as actividades ao seu nivel.
- Emprego de metodoloxías inclusivas e axuda entre o alumnado, mediante a titoría entre iguais (TEI).
- Intervención, se fose preciso, da mestra de A.L. e P.T.

C) Alumnado cun ritmo rápido de aprendizaxe.
- Planificar actividades de afondamento/ampliación, é dicir, cun nivel maior de complexidade con respecto ás dos seus compañeiros.
- Propor actividades nas que ampliamos o contido.
- Organizar algunha actividade onde este alumnado comparta os seus intereses ou a ampliación dalgún contido cos compañeiros e compañeiras.
- Darlle a oportunidade de ser alumnos titores de compañeiros máis lentos (titoría entre iguais).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X	X
ET.5 - Creatividade.		X	X
ET.6 - Emprendemento.		X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflictos.	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores.	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas. Proxecto Competencial será un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.
Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita, a educación para a paz e a educación emocional estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como a competencia dixital ou o emprendemento, serán abordados en unidades didácticas en concreto.
Evitarase na clase os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao mercado.	Coincidindo coa unidade realizaremos unha saída ao mercado	X		
Saídas culturais.	Visita a un museo, exposicións, teatro...	X	X	X
Conmemoracións.	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Internacional da Muller, Día da Paz..	X	X	X
Actividades deportivas.	Como parte do programa Xogade realizaranse diferentes actividades deportivas tipo iniciación ao balonmán, cross...	X	X	X
Proxecto De Vida Activa e Saudable.	Forma parte do Proxecto Interdisciplinar de Centro no que se traballará durante todo o curso diferentes actividades entre as que podemos destacar a semana da froita,	X	X	X

Observacións:

As actividades extraescolares e complementarias terán en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa das mesmas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado.
Ao tempo fomentarase a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.
O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.
Ademais das conmemoracións habituais, sinaladas no calendario escolar, realizaranse as actividades que os equipos docentes deseñen no momento oportuno e que servirán para o desenvolvemento das competencias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos¿) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.
Metodoloxía empregada
Mantívose a motivación do alumnado grazas a metodoloxía empregada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.
Medidas de atención á diversidade
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos e agrupamentos (traballo cooperativo, en grupo, parellas).

Clima de traballo na aula
Mantívose un clima na aula no que os alumnos se sintan seguros, con confianza e motivados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola.

Descrición:

Avaliar a nosa práctica docente tanto a nivel individual como de forma grupal, a través de reunións e postas en común é unha posibilidade de mellora das nosas función como mestres/as.
Para dito fin, terase en conta os indicadores de logro citados neste apartado. A súa consecución medirase en: sempre, habitualmente, as veces ou nunca.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada, a través da aplicación PROENS, co obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	1º Pri.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución 3

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias 3

3.1. Relación de unidades didácticas 4

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas 5

4.1. Concrecións metodolóxicas 16

4.2. Materiais e recursos didácticos 17

5.1. Procedemento para a avaliación inicial 18

5.2. Criterios de cualificación e recuperación 18

6. Medidas de atención á diversidade 19

7.1. Concreción dos elementos transversais 19

7.2. Actividades complementarias 20

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro 20

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora 21

9. Outros apartados 21

1. Introdución

